



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO
O DIA 5 DE XUÑO DE 2008

ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña

CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez
Dña.Maria Iglesias Fernández
Dña.Ana Simons Sánchez
D.Jose Rodríguez Trigo
Dña.Maria Jesús Martins Passos

D. Manuel R. Vilar Marquez

D. Rafael Lores Rosal
Dña.Laura Miguez Pérez
D.Manuel Rafael Estévez González
D. Manuel A. Gonzalez Marcote
Dna.Emilia Giráldez Ramirez
Dña. Teresa Perez Vieira

D. Xose Enrique Fernández Fernández
Dña Ana Maria Rodríguez Fernández

SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña

INTERVENTORA: Dña.Rosa del Riego Santos

Na Casa Consistorial de Baiona, a cinco de xuño de dous mil oito, reúnen os señores ditos enriba, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.

Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

1.-APROBACION DE ACTA ANTERIOR: Acta de 8 de maio de 2008.

O Sr.Alcalde pregunta si hai algunha observación que facer á devandita acta.

SR.LORES, PSOE.- No último punto de PREGUNTAS hai un erro posto que as primeiras, polo menos, as fixo o PSOE, non as fixo o BNG.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Teño unha dúbida co respecto á acta que aprobamos por unanimidade no Pleno anterior, que se refería a acta do Pleno extraordinario para solucionar os recursos contra o presuposto do Concello, e que a acta dí "en sesión plenaria de 14 de abril do 2008 se aprobou inicialmente o Presuposto Xeral do Concello de Baiona para o 2008; 14 de marzo...", e aprobamos esta acta por unanimidade no Pleno anterior.

Con estas observacións, fica aprobada por unanimidade a acta do 8 de maio de 2008.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da relación de ditas resolucións.

3.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DE CREDITO Nº 01/08 MEDIANTE SUPLEMENTO DE CREDITO.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, PP, quen da lectura á seguinte:

MEMORIA DE LA ALCALDÍA

La Alcaldía ante la necesidad de realizar inversiones para este ejercicio no previstas en el Presupuesto de 2008, es motivo por el cual elevo al Pleno, previo dictamen de la Comisión informativa, propuesta de aprobación de expediente nº 01/08 de modificación del Presupuesto de 2008, mediante suplemento de crédito por importe de 27.594,85 €

El presente expediente se financia en su integridad con baja por anulación de otras partidas del presupuesto de gastos, del Capitulo VI de inversión, que no se hallan comprometidas, por lo que no supone incremento del gasto público.

Como consecuencia se eleva al Pleno la siguiente PROPUESTA DE ACUERDO:

1º.- APROBACIÓN del expediente de modificación de crédito nº 01/08, mediante suplemento de crédito por importe de 27.594,85 € destinado a la financiación de inversiones que se detallan en el Anexo adjunto y según el informe de Intervención sobre la modificación de crédito nº 06/08

2º.- ACORDAR la remisión a la Conselleria de Economía e Facenda de la Xunta, al amparo del artículo 16.2 del Real Decreto 1463/2007, de 2 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de desarrollo de la Ley 18/2001, de 12 de diciembre, de Estabilidad presupuestaria en su aplicación a las entidades locales, de informe como consecuencia del incumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria.

CONTINUA.- Lo que se eleva al Pleno realmente es una modificación en las partidas de Inversión, se modifica una partida que había de inversión en el material del Obradoiro; como saben ustedes, finaliza el Obradoiro este mes, hay una serie de incrementos que no estaban contemplados en las aulas que se están haciendo de formación en la planta baja de la Plaza de Abastos; no estaban cuantificadas en el presupuesto inicial.

También hay una modificación en la cantidad, en la partida de inversión, que iba destinada a anclajes para los contenedores, se ha visto que es más necesaria esa utilización para papeleras en nuestro Municipio; esto no afecta al Presupuesto y obviamente es un cambio en la inversión.

SR.ESTEBEZ, PSOE.- ¿Non hay modificación do informe de Intervención?, é contradictorio coa proposta.

(O Sr.Alcalde di que xa se deu conta na Comisión Informativa pero que procederáse de xeito inmediato a sua corrección.



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

A Interventora dí que non deu tempo a incorporálo a convocatoria da Orde do Día do presente Pleno.)

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Percibimos que seguen coa tendencia de anos anteriores de modificacións presupostarias, curiosamente cada tres meses toca unha, despois de tres meses deste presuposto pois xa tocaba unha, espero que non se produza o que pasou en anos anteriores que incluso coa aprobación dun presuposto posteriormente, houbo unha modificación presupostaria do anterior. Entendemos que toda modificación, en maior ou menor medida, leva consigo un certo fracaso na previsión económica; nembargantes, neste caso, o pecado é máis venial xa que falamos de cambios cualitativos e non cuantitativos; nembargantes sempre están relacionadas as modificacións presupostarias con partidas de investimentos; o grupo socialista sempre é o que máis insiste no debate dos presupostos no tema do investimento; no ano 2007 a partida prevista foi de 109.000 euros, digo prevista porque non foi real ó final coas modificacións que se produciron; o grupo socialista vai estar atento a calquera modificación presupostaria que se produza, ás súas causas, ás súas aplicacións e consecuencias, ou sexa, á súa fiscalización cando se vaian producindo, senón aplaudiremos que non se produzan porque sería un acerto na previsión económica. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Non vamos a entrar a valorar si o diñeiro se saca dunhas partidas e se pasa para outras, si é adecuado ou non é adecuado, esa é unha cuestión de goberno e non vamos a entrar a valorar esas cuestións; o que sí temos que criticar é que a poucos meses de haber feito os orzamentos, que estes en teoría soamente se fixeran de espaldas á realidade, á realidade cotiá dos veciños de Baiona, esta é a proba de que do que se presumiu ou que se vendeu no seu día cando se fixeron estes Orzamentos e se aprobaron por parte do equipo de goberno pois non valen e teñen que modificálos, non nos extranaría en absoluto que viñeran máis modificacións, polo tanto nós non estamos no goberno e non vamos a valorar estas cuestións; en todo caso vamos a abstermos porque non creemos que debamos entrar nesta dinámica. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Cando se presentan as modificacións de crédito a un presuposto aprobado é porque un presuposto é unha previsión de gastos e as veces é lóxico que estes gastos na Administración Local sufran modificacións. Eu, pola miña traxectoria política, coñecín a un Alcalde dun Concello próximo que ademais ingresaban moitos cartos, e decía "o ideal dos presupostos sería aprobálos no mesmo ano pero no mes de decembro", non lle faltaba razón, porque entón xa non farían falta as modificacións presupostarias, supoño que outros Concellos que teñen máis problemas que nós para sacar os temas adiante pois ao mellor nin siquera aproban os presupostos; polo tanto, creo que o tema das modificacións é unha cousa normal no que se chama un Presuposto; quen coñece realmente a Administración Municipal sabe que isto é así, e o propio Sr.Fernández e o propio portavoz do PSOE (aínda que non tanto porque leva menos tempo) saben que nun Concello como o noso xurden inversións que as veces están condicionadas polas axudas que podemos recibir da Xunta de Galicia, no que o Sr.Fernández podía colaborar moito máis e non está á altura da súa responsabilidade política, non obstante nós sacamos adiante estes temas con estas modificacións que son lóxicas, e como non podía ser doutro xeito o noso voto é a favor.

SR. RODAL, PP.- Simplemente recordarlle ó Sr.Fernández que no tema da partida, que nós no presuposto cando o xeneramos é porque se van a utilizar, e si se fixa, na inversión de anclaxes, vostede, cando estivo en Vías e Obras, comprou máis ou menos anclaxes para contenedores por 6.000 euros e obviamente sen presuposto. Nós nos basamos nos presupostos, entón ese será o material que se destine a estas inversións; e a empresa de Ourense (que vostede se acordará dela) de feito aínda non cobrou, os anclaxes imosllos a pagar nós; repito, vostede no seu tempo pediu 6.000 euros de anclaxes, os colocou, os publicitou en prensa, sen embargo a empresa non sabía nada de vostede, de feito cando nós entramos a gobernar un día os atopei nunha feria que houbo en Cotogrande e cando dixen que era concelleiro de Medio Ambiente case me dan besos e abrazos porque pensaban "a ver si por fin vamos a cobrar porque del anterior concejal no sabemos nada"; isto simplemente é unha anécdota para decirlle



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

que realmente os Presupostos se basan en iso, as comprar co que tenemos, nunca compramos senón o temos. Moitas grazas.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- O noso grupo vai absterse, moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Parece que o obxectivo do Pleno de hoxe son eu.

O Sr.Vilar dí que hai outros Concellos que ao mellor teñen problemas para aprobar os orzamentos, e digo eu “será o mesmo que pasou en Baiona porque tardaron 3 meses en presentálos”, os orzamentos se aproban antes, en novembro, para que a exposición sexa en decembro, vostede que ten tanta veteranía sabe que teño razón, para que o ún de xaneiro se poidan dispór; vostedes acaban de recoñecer agora mesmo que tiveron problemas entre vostedes, por iso tardaron, non os aprobaron en novembro senón en marzo, creo que foi; polo tanto é evidente que problemas houbo.

Me tacha unha vez máis de non colaborar cos Organismos, se supón que cos da Xunta ¿non? (é de supór polas suas verbas); e direille que será falta de colaboración o que ten a Consellería da Vicepresidencia facendo un Centro de Día, facendo unha galescola, ou a Consellería de Medio Rural pasándolle orzamentos importantes para saneamento, ou a Consellería de Vivenda que quer facer vivendas sociais e non lle dan vostedes o terreo; non me fale de colaborar porque cando eu estiven gobernando neste Concello a Xunta de Galiza nin nos recibía, e estaba gobernada polo PP, e daquela vostede estaba no PP tamén; polo tanto non fale de falta de colaboración porque a nós o que nos interesa como grupo municipal, e ás Consellerías do BNG na Xunta de Galiza, é facer inversións para darlle servizos ós veciños.

Sr.Rodal, me alegro que siga os pasos que eu iniciiei, colocando anclaxes de contenedores, e eu lle pediría que senón lle pagaron aínda os anclaxes, despois de 4 anos, ó empresario, pois que lle paguen dunha vez; pero si é certo que él sabía que ia tardar en cobrar, porque eu llo dixen, e non lle importou vendélos polas circunstancias económicas e políticas que tiña o Concello naquel intre, eu creo que vostede non lle explicou toda a verdade e que esta persoa en cuestión non sabía que senón se lle pagaba eran vostedes os culpables por non pagarlle. E o que acaba de decir de que senón teñen non compran, seguramente que ó longo destes 3 anos vou a ter que recordarllo máis dunha vez. Nada máis.

SR.ALCALDE.- Sr.Fernández, quería recordarlle que o Concello de Baiona leva aprobados dous presupostos dende as eleccións pasadas e da Provincia de Pontevedra creo que foi dos 5 primeiros que aprobou o Presuposto deste ano, por diante de Nigrán, por diante de Gondomar, por diante de Oia, de Tomiño, etc., dígolle que Baiona é dos 5 primeiros, con todos os problemas que dí vostede; pero o que sí lle digo é que igual era bó que retirara da acta que recoñece que comprou algo sen partida presupostaria, porque sabe que iso é un delito, entón si quer pode retirar o que dixo porque sería mellor para vostede.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Por recoñecemento extraxudicial.

SR.ALCALDE.- Comprar sen partida non é posible.

SR.VILAR, CMÑ.- Estas modificacións se fan simplemente para poder contraer o gasto, entón evitamos que unha factura que non poida ser contraída pase a resultas porque entón tardaría moito tempo en pagarse, polo tanto penso que non só hai que facer unha senón que é posible que ó longo do ano metamos 4, 5, ou 6 modificacións presupostarias, eu xa llo anuncio, si as necesidades para ter partida e poder contraer o gasto así llo requira; eso é operatividade e sobre todo garantir que a xente que serve ó Concello cobre; e non falemos de mal gasto, ¿vostede recorda canto se gastou nas bandas sonoras que están ahí almacenadas?, gastouse moito, e non me veña vostede a confundir as cousas: as praias de Baiona están mellor que nunca.

Hai que contraer para poder pagar, e se farán as modificacións que sexan necesarias, iso significa axilidade, significa responsabilidade de goberno, e sobre todo non faremos malos gastos como os que



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

se fixeron vostedes no seu día de comprar moitos millóns nunhas bandas que logo quedaron inutilizadas. Moitas grazas, Sr.Presidente.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMN); producíndose 8 abstencións (6,PSOE, 2,BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

1º.- APROBACIÓN do expediente de modificación de crédito nº 01/08, mediante suplemento de crédito polo importe de 27.594,85 € destinado á financiación de inversións que se detallan no Anexo adxunto e según o informe de Intervención sobre a modificación de crédito nº 06/08

2º.- ACORDAR a remisión á Consellería de Economía e Facenda da Xunta, ó amparo do artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aprueba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade presupostaria na súa aplicación ás Entidades Locais, de informe como consecuencia do incumprimento do obxectivo de estabilidade presupostaria.

4.-APROBACION, SE PROCEDE, DA APROBACION DEFINITIVA DA MODIFICACION DO REGULAMENTO DE CIRCULACION DO CONCELLO DE BAIONA.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, quen procede á seguinte lectura:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Concello de Baiona en aras da protección e conservación da zona antiga de Baiona declarada como conxunto histórico artístico pola Xunta de Galicia promoveu a implantación dun sistema de control de acceso restrinxido a mesma.

A implantación deste novo sistema de control conlevou a necesidade de regular as condicións e formas de acceso dos usuarios ó casco vello, regulación que se plasmou na modificación do Regulamento de circulación do Concello de Baiona a través da incorporación dun novo título V. Esta modificación foi aprobada polo Pleno da corporación en sesión de 10 de xaneiro de dos mil oito e posteriormente someteuse a un período de exposición ó público por un prazo de 30 días mediante anuncio no BOP de Pontevedra número 32 de de data 14/02/2008 e anuncio no taboleiro de edictos.

Non obstante antes da publicación do anuncio e en consecuencia, con anterioridade a apertura do prazo de audiencia, presentouse no rexistro xeral unha relación de firmas de comerciantes, empresarios e veciños da zona vella na que solicitan que se rectifique a modificación da ordenanza no senso de permitir o acceso ó casco no suposto de carga e descarga, transporte de enfermos, entre outros supostos

A pesar de que a reclamación non se presentou dentro do prazo concedido ó efecto, cómpre manifestar que en ningún caso a nova regulación que se pretende prohibe o



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

acceso á zona antiga para os fins que se reclaman, senón que éstos inclúense na cláusula residual do artigo 42.d: “Excepcionalmente podrán autorizarse otros supuestos por motivos de interés general o debido a su peculiaridad, previo informe favorable de la policía local(...)”, cláusula que está suxeita a un control municipal en aras de garantir un acceso ó casco de forma racional á vez que permite adaptar a norma as necesidades que surxan en cada momento sen ter que modificar a ordenanza e todo elo dentro da promoción da protección e conservación do casco vello do noso municipio e a súa revitalización.

E por isto que propono ós membros do Pleno, previo ditame da Comisión Informativa,

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación do Regulamento de Circulación do Concello de Baiona.-

Segundo.- Publicar o texto integro da modificación no BOP de Pontevedra.

CONTINUA.- Como quedó dicho, el 10 de enero del 2008, casi hace 5 meses, hubo una aprobación inicial de la modificación municipal de la Circulación con inclusión de un nuevo Capítulo que es el capítulo 5, que es “el control de acceso a áreas de circulación restringida en el Ayuntamiento de Baiona”, despues se publicó en el B.O.P., como se mencionó antes, el 14.2.08, y tuvo un plazo de un mes, 30 días, para que se presentaran alegaciones; la única que se produjo fué antes de este período, antes del día 14, se produjo el 30 de enero del 2008, por eso obviamente es nula; a pesar de eso, como se comentaba en la propuesta, la mayoría de las peticiones, o todas las peticiones, que se hacían en esta reclamación están contempladas dentro de como va a funcionar esta restrincción de uso. Realmente ahora mismo, como saben, hay un sistema informatizado, los vehículos tendrán dos entradas al casco, una por la Plaza del Padre Fernando y otra será por Herminio Ramos, y después también tendrán salida tanto por la Plaza del Padre Fernando, por la Laje, como por Diego Carmona; es un sistema informatizado, hay una base de datos, a día de hoy es de unos 120 coches, y en estas 120 matrículas registradas están tanto los residentes del Casco que tienen vado, que tienen aparcamiento, como los que lo han solicitado que no tienen aparcamiento. En esta base de datos, obviamente, también hay matrículas del GRUMIR, Protección Civil, Bomberos, taxis de la zona, al igual que ambulancias.

También se contempló el tema de los alquileres en el verano, en este caso el propietario de la vivienda tendrá que venir al Concello a decir que va a alquilar esa vivienda por el tiempo que sea y se registrará la matrícula del vehículo de la persona, del turista, que va a venir, y así tendrá acceso directo al auditor que leerá su matrícula y tendrá acceso al casco durante el período del alquiler, y después, lógicamente, cuando deje la vivienda, ya no podrá acceder.

Ese escrito de que se restrinjia totalmente el acceso no es cierto, todas las personas que quisieron pudieron venir a registrar estas matrículas; este sistema comenzará a funcionar a partir del lunes. Sobre todo, el sistema de protección de Casco Histórico, realmente es para eso: para mejorar la calidad medioambiental, sonora, acústica, para que no haya tantos ruidos innecesarios ya que los vehículos que circulen por nuestro casco histórico serán los necesarios, también así habrá un mejor mantenimiento de nuestro pavimento. También se hablaba de que los vecinos se quejan de la limpieza porque se ha retirado el servicio de limpieza, que no es cierto y despues lo comentaremos, también de que el asfaltado no es el correcto, cuando me parece que queda una calle solamente por asfaltar, las últimas obras que se han hecho de cambio de pavimento también incluyeron el cambio de saneamiento; esta es una medida, como hemos dicho, que limita la velocidad a 10/hora, también controla el problema de las motos y sobre todo lo que se pretende es que los residentes de nuestro Casco, que es una zona emblemática, tengan una mejor calidad de vida y que no tengan problemas de acceso al mismo ni en la entrada ni en la salida.



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Unha corrección: se presentaron 2 grupos de alegacións, unha presentada por unha serie de veciños, e outra polo representante do PSOE de Baiona, Arturo Pereira Pequeño, que tamén está fora do prazo porque é de 31 de xaneiro.

SR.LORES, PSOE.- Sobre esta ordenanza xa está todo dito e máis que dito, por parte do grupo socialista primeiro lamentar a actitude do equipo de goberno de desprezo ata os grupos deste Pleno e ata os propios veciños que dunha forma creo que prudente, cortés, elegante, intentamos introducir unha modificación na Ordenanza, artigo 42, onde quedara regulado como ía quedar o acceso ó Casco por parte de todos os residentes da zona vella de Baiona.

Dí que se quer conservar e potenciar o casco vello de Baiona, o partido socialista por suposto que tamén está nese obxectivo que creo que é común para todos os grupos deste Pleno, polo tanto non é unha bandeira exclusiva do grupo de goberno nin do PP, nin de ningún de nós, é un obxectivo común de tódolos grupos políticos deste Concello e creo que de tódolos cidadás de Baiona; o noso casco é algo importante e estamos todos orgullosos dél, e polo tanto vamos a procurar mantélo e no posible mellorálo, pero con esta Ordenanza inténtase facer un acceso restrinxido ó casco que tamén tódolos grupos, xa no Pleno de xaneiro, dixemos que estabamos de acordo, o único que nós pedíamos naquel primeiro Pleno foi que se suprimira o artigo 42 e se puxera outro artigo onde quedaran especificadas e perfectamente articulado cales serían as condicións de acceso tanto en tempo como para especificar que persoas poderíamos acceder a ésto; fixeron oídos sordos por parte do equipo de goberno, despois creo que houbo unha mobilización importante, respetuosa, e dentro dos seus dereitos, dos veciños do casco, entregaron unha serie de firmas no Concello solicitando tamén que isto se regulara, dunha forma moi simple, o que piden os veciños é algo moi concreto: “O acceso de vehículos de residentes para carga e descarga de equipaxes, enseres, e traslado de persoas con problemas de mobilidade”, simplemente para poder acceder ás vivendas con carga, para un día de choiva poder recoller os nenos e leválos ó colexio, ou para unha persoa que esté discapacitada ou enferma poder levála ó médico, isto é o único que se pide que quede regulado nesta Ordenanza. Sorprendentemente o equipo de goberno fai oídos sordos a 400 veciños e enrócase nunha cabezonería de quer levar adiante unha cousa que non ten moito sentido nin tampouco tanta importancia; pola contra, monta o que se chama na Administración a “conta B”, eu pregunto ¿cál é a Ordenanza?, ¿a que está escrita ou a que acaba de dicir o Sr.Rodal?, porque o Sr.Rodal agora explicou exactamente como teñen que facer ata os turistas, bueno, pois iso que quede na ordenanza, ou sexa, hai “cuenta A” e “cuenta B”, unha cotiza e outra non cotiza; unha é para o amigo, o favor, ó enemigo, a lexislación vixente; poñamos claro na Ordenanza que é o que queremos, non vaíamos a ter unha “conta B” para que todos aqueles que veñan pola porta de atrás poidamos venderlle un favor “no te preocupes, para tí te consigo un pase; no te preocupes, o cúbreme este papel”, penso que isto non é serio, é unha conta 2 B”, cando todos estamos de acordo en que isto se regule. Nós volvemos a pedir, e como decía e reclamaba o Sr.Alcalde no último Pleno de que faláramos destas cousas na Comisión Informativa, nós fumos con toda a intención de que na última Comisión informativa se introduxera este criterio, esta posibilidade, consensuada con tódolos grupos para que esta ordenanza saíra co apoio de todo o Pleno, parece que non hai interés por parte do equipo de goberno de que isto sexa unha Ordenanza consensuada, parece que non hai interés en que as cousas estén claras e escritas e tódalas cartas boca arriba, parece que hai outro tipo de xogo que sería o típico da “conta B” nas empresas. En principio vamos a votar que non senón se introduce esta modificación.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Dende logo a primeira vez que se restrinxíu dunha maneira eficaz e sería o tránsito rodado no Casco vello de Baiona foi unha iniciativa que levou o BNG estando no goberno como responsable de Seguridade Cidadá; foi no ano 2004, e daquel intre tivemos que optar, por falta de orzamento, non tiñamos outra posibilidade, tivemos que optar polas barreiras e ademáis desta acción que levamos a cabo estivemos falando con multitude de veciños para explicarlles cal era a nosa intención e recordo perfectamente que había varios empresarios moi vinculados ó PP que puñan o grito no ceo e agora por certo están moi caladiños, non sei onde estarán metidos; en todo caso nós levamos adiante aquela acción de goberno porque creíamos que xa estaba ben de que houbera vehículos aparcados e que circularan a unha velocidade excesiva, tanto motos como coches, por dentro do casco, deteriorando todo



EXCMO. CONCELO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

dunha maneira alarmante e ademáis pondo en perigo ós propios peatóns e usuarios do Casco Vello. Levamos esa acción adiante cun orzamento pequeno, pero non cabe dúbida que este sistema que agora quer implantar o goberno local é moito máis novedoso e atractivo, pero que evidentemente vai a ter tamén problemas de averías e demáis como tivo a barreira. Eu creo que en principio hai que ir tratando de concenciar ós veciños do casco vello de que o vehículo do que dispoñen deben de usálo o mínimo posible no seu facer diario dentro do casco e o Concello, por suposto, tamén debe dar exemplo; creemos que retirar os camións do lixo do casco vello foi moi importante, pero que tiña que haberse buscado outra solución máis aceptable e máis consensuada cos veciños.

E importante porque xa hai rúas, agora mesmo, que o Sr.Vilar tivo que cambiar por dúas veces o firme polo deterioro dos pesos destes camións, e a mín o que me preocupa é que cada vez que o fai quedan as Parroquias sen inversións; entón temos que controlar esa cuestión dunha maneira urxente; e ademáis creo que foi unha cuestión acertada. Ou como digo, outra cuestión é que se haian buscado outras alternativas que non se deron.

Por outro lado, o tema da limpeza; cando falan os veciños sobre a limpeza, Sr.Rodal, non se refiren soamente á recollida do lixo, se refiren a que se limpe; e no Concello de Baiona a limpeza brilla pola súa ausencia e sobre todo no casco vello. Penso que é importante que o goberno local se decida dunha vez por todas a aplicar a Ordenanza que regula a limpeza do paseo rutinario dos cans tódolos días posto que hai zonas que están de verdadeira pena; e iso é unha acción de goberno que evidentemente non é popular para quen ten un can pero que sí debe de estar no facer diario deste equipo de goberno aínda que sexa unha cuestión non grata, aínda que coste votos, para falar claro.

Sr.Rodal, debe vostede pasear máis polo casco vello porque é que non hai nin un só asfaltado dentro do casco vello; hai en todo caso un solo, un chan, empedrado, pero asfaltado (por sorte para todos nós) non hai ningún, solo faltaría.

Creemos que esta Ordenanza sí debe de porse a funcionar, pero consensuada cos veciños, falando cos veciños, e non como está acostumado o equipo de goberno a pasar o rodillo. Polo tanto a nosa proposta é que se fale cos veciños antes de aplicar a Ordenanza e que se lles vaia concenciando de que o vehículo ten que ser para o que ten que ser; agora mesmo, a día de hoxe, si saímos ó casco, podemos ver como certos veciños dende fai varios anos seguen aparcando dentro do casco vello, e son sempre os mesmos, e son veciños que están vinculados ó equipo de goberno, e iso non pode ser; aquí cando se mete unha multa se mete para todo o mundo, non para que ós amigos do equipo de goberno lles sexa retirada, porque entón pasa o que pasa; os amigos do equipo de goberno seguirán aparcando dentro do casco e seguirán sendo os mesmos que aparcan sempre. Polo tanto, nós vamos a abstermos nesta cuestión por ese motivo: por falta de consenso e por falta de tacto por parte do equipo de goberno, non entrando a valorar xa a cuestión da que falaba o compañeiro Lorea, que ten toda a razón do mundo cando dí que aquí se van a vender favores políticos en base a unha Ordenanza que ten unhas cuestións bastante difusas, se vai a vender “ti eres meu amigo, me interesa e cho fago, e a quen non é da miña ala non lle vou a dar a alternativa”; creemos que estas cuestións non deben quedar no aire e que se debe falar máis cos veciños e consensuar as cuestións cando se leven adiante.

SR.ALCALDE.- Simplemente aclarar Sr.Fernández que non hai rexistrado no Concello ningún amigo do grupo de goberno, polo menos eu non o coñezo; si vostede o ten rexistrado, me gustaría ter unha copia, non vaia a ser que leve algunha sorpresa e algún que está mal aparcado é amigo seu, non vaia a ser.

SR.VILAR, CMÑ.- Moitas grazas Sr.Alcalde, aquí nos atopamos cun escrito presentado e firmado por moitos veciños do casco e habería que facer unha reflexión profunda do que representa este escrito e da actitude do equipo de goberno. Lóxicamente o casco de Baiona, posiblemente a persoa que máis o coñeza sexa este portavoz, no sentido das importantes obras que se teñen feito nestes últimos anos; evidentemente o casco vello sufriu unha transformación profunda cun cambio total e radical do pavimento en pedra en todo o casco, hoxe en día chegamos a tódolos rincóns practicamente cunha remodelación en pedra, como non podía ser doutro xeito, nos queda simplemente o proxecto de Entrehortas, coñecido como o camiño das 7 curvas, para terminar esa remodelación; e se tocaron tódalas rúas, recentemente rematamos as rúas perimetrales do Rosal, da Garda, do Mariñeiro, de Herminio Ramos, e Lorenzo de la Carrera, que se fixo xa a primeira parte e agora se fará a segunda; e non só é o pavimento senón o saneamento, polo tanto esta é



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

unha inversión histórica e dudo que existan en Galicia poucos cascos que tiveran unha inversión directa tan importante e tan planificada por parte do goberno municipal.

E certo que todos estamos de acordo, e tódolos grupos manteñen a mesma filosofía, incluso se conseguiron espazos históricos porque a praza do Concello foi unha xestión que se fixera no seu día, xestión importante; a finca Carvajal, que agora se está acondicionando toda a edificación e a finca, tamén foi unha xestión municipal, eu aínda recordo cando tomáramos o acordo de comprála por 100 millóns de pesetas e ademais cunhas facilidades enormes, as críticas que tiveramos por parte da oposición, e hoxe todo o mundo presume de ter esa casa ahí. Quero que quede claro que o casco de Baiona sufríu unha serie de inversións importantísimas; agora, recentemente, se está arreglando Santa Liberata, e non digamos a situación privilexiada do Casco con dous grandes aparcadoiros soterrados, ún na Palma e outro nos Tendais; que incluso se fixo un convenio que posibilita que os veciños do casco por 30 euros poidan aparcar o seu coche. As veces nos queixamos do que é o Casco e non se dí a verdade de tódalas inversións importantes que nel hai; o casco de Baiona é sen dúbida, de Galicia, dos máis privilexiados en inversións. Dígalle vostede aos veciños de Santiago de Compostela, aos de Pontevedra, aos de Tui, que ian ter un aparcamento todo o ano por 30 euros preto da casa, xa non lle quero dicir máis. Hai que falar do importante que é o Casco e das importantes inversións que se fixeron. Pero todo isto ten que vir acompañado de decisións de goberno, e lle vou a falar dalgunhas nas que vostede sí está de acordo: decisión de retirar o lixo do Casco de Baiona, ésta non foi unha decisión arbitraria, foi unha decisión que xa viña de atrás reflexionada, eu recordo que cando lle consultei a meu anterior predecesor en materia de Medio Ambiente, Angel Rodal, e falamos desta posibilidade incluso co propio Alcalde, chegamos á conclusión de que era bó tomar a decisión de sacar a basura do Casco, sobre todo residuos sólidos, e colocalos na zona perimetral; porque aquí non se retirou como din algúns: “se retirou a recollida de lixo do Casco”, iso é mentira, mentira total; se reubicou nunha zona perimetral; que é moi distinto. Iso nos posibilitou de que os camións de recollida entren no casco; e a pesar de ter nós un camiión pequeno tivera xa moitos percances cos balcóns, incluso había balcóns moi antigos que se habían tirado por choques, era un tema moi complicado; era unha decisión que foi alabada pola maioría; si agora a mín me din que a un veciño que vive na rúa Conde lle costa moito ir coa bolsa ata o muelle, apaga e vámonos; ou si lle costa moito ir pola rúa recién asfaltada da Guarda ata a Casa Parroquial e depositar alí os residuos sólidos orgánicos, se iso é unha distancia, apaga e vámonos.

Creo que hai unha distancia equidistante moi próxima a tódolos puntos perimetrais, e non digamos os restaurantes, restaurantes que nos collían o lixo e facían un pandeiro do casco, pola noite era insufrible entrar no casco e mirar as bolsas cheas de residuos, e que haxa portavoces municipais que se queixen de isto e que vivan no casco me parece lamentable, cando tiñan que apoiar, igual que apoia vostede Sr.Fernández, a vostede eu lle considero un home responsable, e igual que vostede tomou a decisión no seu día de prohibir, que non foi vostede o primeiro porque antes xa se pechaba en verán o acceso ó casco, e se regulaba a hora de carga e descarga, e agora poden cargar e descargar na rúa de Elduayen, ou en Santa Liberata, e de ahí distribuírse ó casco con carretillos, como todo o mundo. Iso ten que ser unha exigencia de goberno municipal.

Agora entramos a analizar un pouco este escrito, porque entendo que é unha patata quente que se lle deu ó partido socialista, que foron os promotores deste escrito, as cousas hai que decílas, non se atreveron a pór aquí a inicial do PSOE pero sí fixeron este tema; e eu cando digo isto é que foi así, e se piden 4 cousas, se pide “el acceso de los vehículos de los residentes para carga y descarga de equipajes, enseres y traslados de personas...”, completamente de acordo, “se establece un horario de carga y descarga para los negocios”, completamente de acordo, e “se autoriza el acceso de taxis para carga y descarga de equipajes de los no residentes”, totalmente de acordo, pero nos extrana que venga con todas estas firmas, faltaba a miña, seguro que senón fora concellal e non coñecera os entresixos de todo isto, tamén a firmaría de boa vontade; pero de ahí a isto, que xa se contempla na nosa Ordenanza, a esixirnos que non se aprobe a Ordenanza municipal e que se cambien unha serie de artigos, vai un abismo, porque claro, vostedes os que firmaron e propuxeron este tema ¿porqué non din queremos que o artigo tal diga isto, isto, e isto?, non, o din dunha maneira ambigua, xenérica, iso non é serio, por iso nós temos que rexeitar totalmente isto porque non é máis que unha burda manipulación do PSOE, non sei si do seu Secretario xeral, ou do seu portavoz, xa me perdo neste mundo interno dos partidos políticos, pero isto non se pode aceptar e non se pode aceptar



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

porque xa está contemplado na Ordenanza, e polo tanto cando os veciños se den conta de que iso xa figuraba na Ordenanza a próxima vez van a pensar un pouco á hora de firmar un escrito. A mín non me gusta recurrir a parábolas pero as veces non hai máis remedio, eu lle diría que imaxine a un Director dun Colexio, a quen unha serie de pais lle din “queremos que los profesores entren a la hora, queremos que vigilen el recreo, y queremos que salgan despues de los alumnos de clase”, seguramente iso o firmarían todos os pais, pero cando chegue o Director dirá “todo iso é unha chorrada porque todo iso xa o facemos porque non nos queda máis remedio, porque é a nosa vontade, e porque somos así”, e non lle faría caso a ese escrito porque xa está contemplado ese tema que lle piden. É lamentable que un grupo político a quen se lle supón responsabilidade haxa distribuído este escrito polos bares, polas cafeterías, para firmar e intentar pór entre a espada e a parede ó goberno municipal, cando sabemos que se fai unha importante inversión nun tema de control de acceso ó Casco de Baiona, que é modélico, e porá ter os seus fallos pero dudo que exista algún casco vello en España que teña un sistema tan avanzado como éste, cando o que tiñamos que facer é ir todos da mán e defender este tema a tope.

Sr.Lores, vostedes intentaron tirar a toda a poboación de Baiona contra o goberno municipal, iso é inadmisíble, eu me sinto nestes momentos moi enfadado coa vosa actitude, porque non pode ser doutro xeito; cando se fala do Casco hai que ter en conta unha serie de razoamentos: primeiro, o Casco de Baiona sí que ten problemas, sí que temos problemas de rúidos, cos chiringos que non cumpren o horario, claro que os temos, pero é un tema co que hai que loitar e estar permanentemente en guardia con esta xente que 3 ou 4 meses do verán interrompen a tranquilidade; ese é quizá ún dos maiores problemas que temos no Casco, e o equipo de goberno, e a mín me consta, estamos dispostos a loitar contra iso a través de Ordenanzas reguladoras, a través de informes, e a través de peches, incluso; eu na miña época de Alcalde pechei varios locais e tiven que aguantar moitas manifestacións, pero non me importou porque esa é a actitude que hai que adoptar cando a xente non quer entrar en razóns.

Cando se fala do Casco de Baiona, de problemas, de si queremos que a Porta da Vila sexa entrada e saída, ese non é o problema; o problema é que hai respetar as direccións únicas no casco, porque non hai grandes distancias, e si ten que entrar todo o mundo pola rúa do Padre Fernando e saír algúns pola Porta da Vila teñen que facélo, o que non teñen que atopar é obstáculos nas rúas, obstáculo é que vostede vaia co seu coche e que se atope con xente que non o deixe pasar, ou que se atope con mesas que están ocupando unha rúa que non ten moita capacidade, ahí sí que hai que tomar medidas, e ahí estamos a dispostos a entrar en diálogo para conseguir todo iso, polo tanto creo que despois desta exposición a mín me queda unha cousa clara: este goberno ten a obriga de defender o Casco, esta medida é positiva 100% para os intereses dos veciños do casco, se mire por onde se mire; e a xente ten que ter a disciplina suficiente para que o Casco de Baiona teña as mellores condicións de habitabilidade. Hai unha cousa na que coincido con vostede, non asocie ó equipo de goberno, pero sí hai veciños que teñen aparcados ata 3 coches dentro do Casco e utilizan o terreo como si fora seu; eu lle poño un exemplo: eu, na miña casa, teño os baixos adicados a garaxe; pero vostede imaxínese que todos os veciños do casco nunha actitude de protesta puxeran os seus coches na rúa, sería un desmadre; pero hai veciños que non queren entendélo así, entón ten que haber un proceso sancionador; eu felicito ó Alcalde, ó equipo de goberno, por levar adiante esta Ordenanza. O que censuro é a actitude do partido socialista, en concreto, por non estar acorde coa súa responsabilidade na oposición municipal e intentar tirar contra o goberno ós veciños que de boa fé firmaron este escrito, polo tanto, iso é censurable; e llo digo así, este escrito foi elaborado polo PSOE, non sei si polo Secretario Xeral ou polo portavoz, pero iso foi así. Polo tanto, a miña censura. Sr.Presidente, votamos a favor como non pode ser doutro xeito.

SR.RODAL, PP.- Me agrada tremendamente la intervención del Sr.Fernández porque ha resumido perfectamente lo que se pretende con esta actuación; el ha dicho que es un sistema novedoso, eficaz, para controlar tanto la velocidad como el estacionamiento; que es necesario restringir el acceso para que no pueda utilizarlo todo el mundo; que mejora la situación de control que el había creado en 2004; creo recordar que de aquella cuando usted inició el proceso del control de acceso al Casco había 500 llaves que tenían distintas personas, ahora mismo estamos hablando de 120 residentes, o sea, antes tenía llave cualquier persona; también dice que fué un acierto retirar los camiones de recogida de basura, también



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

comentaba antes que a veces el equipo de gobierno no toma medidas porque son votos que perdemos, la medida de retirar los camiones de recogida de basura fué una medida muy consensuada y sabíamos que íbamos a tener detractores, pero bueno, creíamos que era lo más oportuno y creo que los resultados están ahí.

Creo que todos, el equipo de gobierno, toda la Corporación, lo que queremos es una mejor calidad de vida para los residentes de nuestro Casco histórico pero también para todos los ciudadanos y turistas que pueden disfrutar de todo lo que ofrece nuestro casco histórico y que es mucho. Como comentaba antes Manolo Vilar hay muchísimas cosas que hacer en el casco, muchas se han hecho, las ha hecho este equipo de gobierno, también equipos de gobierno anteriores, pero aun queda mucho por hacer; en breve se aprobará un PEPCHAB que realmente será el principio de lo que realmente será nuestro casco histórico; creo que todos estamos de acuerdo en eso; esta es una medida que empezará el lunes a funcionar, esperemos que lo haga lo mejor posible, y si hay alguna modificación que se pueda hacer para mejorar, perfecto. Se comentó antes que no se ha escuchado a los vecinos, sí se les ha escuchado, han pasado muchísimos por aquí, tanto por la Concejalía de Vías y Obras, como por Urbanismo, como por la propia Alcaldía, todos han comentado sus inquietudes y necesidades y se ha intentado consensuar para que este servicio, uno de los más novedosos de toda España y que tiene su coste, pues funcione para los vecinos, no para los políticos; que funcione para que nuestra calidad de vida diaria, y sobre todo medioambiental, a nivel acústico, incluso a nivel visual porque que circulen muchos vehículos por nuestro casco histórico es un impacto negativo visual también. A partir del lunes empezará este sistema a funcionar, esperamos que muy bien y seguro que todos los vecinos en breve verán que realmente es una decisión acertada. Gracias.

SR.LORES, PSOE.- Creo que estése falando un pouquiño de máis, fálase de irresponsabilidade, de manipulación, fálase de que estamos en contra de que o casco teña unha regulación; nada máis lonxe da realidade. De manipulación, Sr.Vilar, ¿qué quer que lle conte?, manifestacións por ahí dicindo non sei qué e non sei canto, non fixemos ningunha; outros sí, de vez en cando xunta a xente para facer unha cousa de intereses, ou de non sei que; eu recordo a última feita apoiándose no antigo patrón maior, por non sei que da privatización de non sei que, si tiñamos intereses con RONAUTICA e non sei que máis, despois as cousas non eran así, pero fíxose unha manifestación incluso como non había xente de Baiona viñeron as Cofradías de Bueu, de Redondela, e de non sei onde máis; ou sexa que de manipulación poderíamos falar pero non é este o caso. ¿De irresponsabilidade?, bueno; vostede fala dun portavoz que vive no casco, eu vivo no casco, son portavoz, e non estou en contra, protestei pola medida de retirada dos contenedores do casco vello por unha razón moi simple: eu creo que as medidas hai que tomálas, pero non se soluciona un problema retirando un servizo; ou sexa, si hai problemas de tráfico ¿prohibimos a entrada en Baiona?, non, hai que regulálo; hai que consensuálo, hai que traballálo, esa sí é sua responsabilidade xa que cobra por elo, non me chame a mín irresponsable, é vostede o irresponsable, que está cobrando por algo que non fai, que é regular, organizar, dar servizos, non retirar servizos. Retirar servizos é unha irresponsabilidade, e aquí retirouse un servizo, non se consensou, que foi a recollida de lixo; nós decíamos que tiña que haber outras opcións, que había que consensuálas; pódense facer varios tipos de recollida, hai outros sistemas; traballenlo, averiguenllo, e póñanlo en funcionamento, non o retiren. Repito, si hai un problema de tráfico en Baiona ¿dirección prohibida na gasoliñeira?, non pode ser; iso é responsabilidade e cobran por elo.

Decir que manipulamos é desprezar a 400 veciños; os veciños teñen criterio, e veñen aquí, como di o Sr.Rodal, a falar co equipo de goberno, por suposto, e sabemos que así é, ¿qué se lles atende?, tamén é certo; ¿qué se lles fai caso?, non; as cousas no seu sitio; hai unhas firmas, ahí están; ¿non queren facerlle caso?, non llo fagan; fáganllas por outro lado, perfecto, está regulado, digan vostedes que fixeron unha Ordenanza particular, a sua medida; unha cousa é a que aprobamos no Pleno, e outra cousa é como se funciona; facemos unha Ordenanza onde poñemos unhas cousas e despois facemos outra a medida que veñen os veciños, e supoño que a todos os veciños que pasen por aquí se lles vai a tratar do mesmo xeito, non o poño en dúbida, pero chega un momento que a flexibilidade transfórmase en discrecionalidade e a discrecionalidade na aplicación dunha Lei a veces é perigosa, e pode dar lugar a unha figura xurídica que non se debería dar; é tan discrecional que nun momento determinado poden retirar esa autorización; tampouco está regulado como se pode quitar; e a iso é ao que nós nos



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

opoñemos: a esa discrecionalidade de aplicación dunha norma. Nós, o único que pedimos é que quede regulado e que todos sepamos que é o que temos que facer, ¿qué hai que restrinxir a entrada no casco?, por suposto, pero que quede escrito e que quede claro; e dixémolo no mesmo Pleno, dixemos: “si se modifica isto, o PSOE está totalmente a favor e aprobámolo”, non nos fixeron caso, sucederon os que sucederon e agora traenlo aquí a aprobación definitiva sen esa modificación, polo tanto nós vamos a votar en contra desta aprobación definitiva por esa razón.

En canto á manipulación e á irresponsabilidade eu procuraría ser máis prudente. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- A ver se nos tranquilizamos e baixamos un pouquiño o volumen, o digo polas manifestacións case a título persoal. Manifestaba o Sr.Vilar na súa intervención que sen dúbida compartía algúns dos argumentos que eu esgrimía na exposición, e probablemente sexa así porque son de sentido común; en todo caso nós tamén compartimos algunhas actuacións que leva o equipo de goberno porque ten que ser así, porque ten que ser de sentido común, pero en cambio outras non; nós recoñecemos que ún dos cascos históricos máis importantes de todo o país é o de Baiona, un dos cascos mellor coidados, pero iso non quer decir que estea ben coidado e se cometiron moitas tropelías; unha delas se cometeu polo Concello, cando fixeron as obras das que vostede presume; nós creemos que non foi un acerto cambiar os perpiaños que había no chan por chapa de pedra de 5 ou 6 milímetros; o encanto que lle dan as esquinas redondeadas das pedras non llos dá a chapa de pedra; eu invitolle a vostede que vaia a darse un paseo por Allariz e vexa o enlosado que hai nas rúas, que son as pedras de toda a vida e foron levantadas e postas no mesmo sitio.

Evidentemente que o casco vello ten multitude de problemas, multitude, e é evidente que os veciños de Baiona que viven nél teñen máis atrancos que beneficios; unha das cuestións que nos nos plantexabamos para entrar no goberno era tomar máis do casco vello de Baiona precisamente para transformar esa idea e que os veciños que viven no casco vello foran uns auténticos privilexiados; é sabido por todos que coa aprobación do PEPCHAB non se vai a crear, nin xerar, máis volumen de edificación; o que sí se vai a conseguir é que os veciños do casco vello lles saia rentable facer unha modificación dentro das súas vivendas; e por ahí é por onde temos que tirar. Tamén temos que conseguir dunha vez por todas, e eu cando fun o responsable de Seguridade Cidadá neste pobo así o fixen, e os veciños o recoñecen, que foi o verán do 2004, onde a xente do casco vello foi capaz de dormir polas noites, e iso foi aplicando a Ordenanza de ruidos e vibracións. Houbo fins de semana con 7 pubs pechados, ata 7, houbo un fin de semana que un empresario de hostelería moi importante neste Concello foi ó Xulgado por romper un precinto, aqueles dicen que foi o detonante da moción de censura, dicen que foi o puntillazo, non o sei; pero si hoxe tivera que volver a facélo, o faría; a mín gobernando non me botan un pulso coa Ordenanza na man, porque a Ordenanza estaba moi clara, e se había infrinxido gravemente e a terceira vez que se infrinxía se precintaba, e iso se fixo así con todos, foran da ideoloxía que foran; pero iso ten un coste político tamén, e nós pagámolo, pagámolo cunha moción de censura; polo tanto eu creo que ós veciños hai que resolverlle temas de limpeza, temas de ruidos, e moitos outros temas que tamén existen e para iso hai que consensuar con eles, hai que falar cos veciños.

Decía vostede que se manipulou, un número moi importante de asinaturas que hai aquí, que están recollidas, e iso é por algún motivo, si é verdade o que dí vostede, si se manipulou é porque os que firmaron non sabían o que estaban firmando, porque evidentemente si vostedes houberan consensuado cos veciños e alguén lle vai cun escrito dicindo falsedades, os veciños non asinan, ¿qué pasa?, que aquí se move toda esta cuestión nunha ambigüedad, que é á que se refería antes o Sr.Lores, que dá a posibilidade (non digo que vaia a ser así) e dá pé a “que si tu eres amigo meu, eu te deixo pasar co teu vehículo, e senón o eres, non cho deixo pasar”,. As ordenanzas precisamente teñen que ser para todo o contrario, para que todos os veciños recoñezan os seus dereitos e as súas obrigas, esa é a cuestión fundamental; polo tanto si aquí os veciños firmaron este documento é que vostedes non informaron ben ós veciños, porque si os veciños estiveran ben informados e lle van a pedir as asinaturas para as súas vivendas, os correran, e non lle asinaran; polo tanto nós seguimos insistindo no mesmo: débese de convocar ós veciños e explicar e resolver as dúbidas que teñen todos, porque así se acaba con todo tipo de historias e especulacións. Cando nós tomamos esa iniciativa de prohibir os accesos ó casco, digo outra vez que houbo moitos empresarios



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

vinculados ao PP que empezaron a revolucionar a historia, e falei con todos eles e chegamos a uns acordos, e se acabou a historia, se acabaron os argumentos; vostedes iso é o que teñen que facer, falar cos veciños e explicar que é o que pretende e que é o que queren facer, cales son os dereitos e cales son as obrigas de todos eles, senón non van a conseguir nada.

Decía o Sr.Rodal que eu había dito que era un sistema eficaz, non o dixen; dixen que era un sistema novedoso; eficaz vamos a ver no tempo como funciona, porque é un tema bastante costoso, e a eficacia de todos estes artiluxios en Baiona está moi limitada porque estamos nun porto de mar e a salitre, en todos os elementos mecánicos, actúa dunha maneira moi agresiva, e iso o sabemos todos; incluso sucedía non nun sistema tan sofisticado como éste senón na barreira que habíamos colocado nós, que se estaba averiando a cada momento porque o ambiente atmosférico que hai en Baiona é salitroso e lesiona de maneira importante os mecanismos.

E é certo que había moitísimas chaves, é certo; nós sabíamos que podía suceder iso porque é moi fácil reproducir unha chave; pero tamén é certo que a Policía Local controlaba asiduamente o casco vello e sancionaba a aquél que non debía estar dentro. E iso significou pasar de cero a cen, e é moi difícil pasar de 0 a 100 sen ter conflitos; pasamos de ter o casco totalmente ocupado e con velocidade de ir en segunda, que é unha auténtica locura, a 40 kilómetros por hora dentro do casco, iso o mirei eu e tamén o haberán visto vostedes, a non haber circulación no casco, e iso é moi complicado de conseguir; vostedes xa teñen o camiño moi rodado, o primer impacto foi o que levamos nós.

Polo tanto, as chaves sí as tiña todo o mundo pero non todo o mundo andaba por dentro do casco nin se lle ocurría aparcar dentro do casco, porque sabían que ían a pagar despois a multa, cousa que agora xa está máis dubidosa.

Para nós, non é cuestión de entrar en como está a modificación feita senón que o nós lle botamos en cara a vostedes é que non falamos suficiente cos veciños, tiñan que habélos reunido e explicarlles cales son os seus deberes e as súas obrigas, e seguramente que todos estes que firmaron o mellor non houberan asinado nada, porque o de que sí teñen que mentalizarse os veciños é de que para ter uns privilexios hai que ter tamén unhas obrigas. Para nós ese é o quiz da cuestión; creo que aínda están a tempo de facer esas xuntanzas e de explicarlle ós veciños que é o que quer o goberno local e que é o que pretende facer con esta Ordenanza, porque lle podo asegurar que hai moitos veciños que a mín me preguntaron si a partir de agora poderían ir a buscar ó seu fillo cando estivera enfermo, ou a unha persoa maior, isto pasa porque hai ignorancia na cuestión e esa ignorancia é preciso que desaparezca, que sepan os veciños ata onde poden chegar e que dereitos teñen. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Simplemente contestarlle ó portavoz do PSOE que efectivamente isto é política, aquí temos unha gran capacidade para, se nos equivocamos, rectificar, pero eu non falo aquí de equivocacións senón que digo que unha vez que se poña este sistema a funcionar, que xa esté experimentado este regulamento, si se demostra que é eficaz, estupendo; si se demostra que hai algo que modificar, como isto é flexible, pois se modificará; pero creo que xa chega o momento de non esperar máis e aplicálo; si temos algún punto que non dá resultado, ao mellor dentro duns meses, o vemos e modificamos ese punto, a cuestión é que isto funcione.

En canto ó BNG, creo que sacou algo de contexto; empezou a mezclar mocións de censura con peches de locais, etc., as veces miramos fantasmas onde non os hai e iso é un erro no debate; cada casco ten unhas características, e si lle serve de algo a miña opinión o mérito de Baiona é o trazado, o trazado viario; as edificacións sufriron un deterioro e dalgún xeito quizá ese sexa o tema que solucionará o PEPCHAB, coas axudas que se poidan recibir, se irá recuperando e facendo cada vez máis habitable o casco vello, pero esa é outra historia, nós aquí estamos falando do trazado, eu sigo pensando que cando se fai unha reposición en pedra, e a vostede lle parecerá unha chorrada, pero creo que hai que facer que as mulleres cando veña de tacón poidan pasear polo casco, iso é fundamental porque si vostede quer ir á época do Medioevo e deixar as rúas como estaban antes haberá que pasear en zamancas, a idea do Sr.Fernández é levarnos ó Medioevo, e seguro que cando lle diga vostede ás mulleres que teñen que ir polo casco a pasear con zamancas seguro que o corren a pedradas; hai que modernizarse, Sr.Fernández, e seguro que a súa muller é a primeira en agradecerllo porque lle gusta andar de tacóns, como é normal, e lle gusta pasear polo casco.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.ALCALDE.- Dende ningún punto de vista do que se trataba é de facer unha medida contra os veciños e visitantes do casco, todo o contrario, é unha norma que o que trata é de protexer á xente; sí é certo que a información que recibiron os veciños non foi correcta e dende aquí se tratou de dar todas as explicacións, pasaron moitos veciños por aquí, xa tivemos unha reunión onte mesmo co novo Presidente da Asociación de veciños do Casco para darlle máis información, se chamou a moitísimos por teléfono, se contactou con eles, para explicarlles que esta é unha normativa que o que trata fundamentalmente é de protexer o casco, trata de que se use o necesario, o que decía Xosé Enrique antes é certo, todos somos cómodos, todos tratamos de utilizar o coche para ir do salón ó cartto de bano, e creo que se trata dunha concienzación xeral; hoxe mesmo na praza do Concello vaise pór o condado, para dar exemplo tamén o propio Concello de que non pode ser utilizada para aparcar salvo medidas de transporte ou de urxencia. Pero sí é certo que os veciños recibiron información interesada e con ganas de enredar, iso sí é certo; dende aquí creemos que é o máis negativo; o demais creo que é positivo, esta norma, como decía Manolo Vilar, é unha norma que entra en funcionamento, a empresa precisamente a semana que ven estará en todo momento con nós, para calquer problema técnico que haxa; seguimos decindo ós veciños que pidan autorización, que xa se concedeu a todos os que a solicitaron, que son uns 140 a día de onte, non se rexeitou ningunha solicitude; o recordamos tamén, aproveitando a ocasión, ó portavoz do Partido Socialista, que o outro día non tiña autorización.

Se decía que isto pasa por unha autorización do Concello, é verdade, porque unha persoa pode decir que ten unha casa no casco histórico pero non vamos a autorizar que quera pasar un camión de alto tonelaxe; todos os servizos, todas as peticións, van nese sentido: un sentido lóxico de utilización do casco, non de abuso, e por iso ata agora non houbo ningún rechazo, porque todas se consideraron lóxicas.

Repito que a empresa estará aquí a semana que ven, todos os días, para que calquer dúbida o problemilla técnico poida ser solucionado. En canto ó que decía o portavoz do PSOE dunha convocatoria, decirlle que nós creemos na democracia, e si houbo unha manifestación en defensa da bahía de Baiona non foi nadie coaccionado, absolutamente nadie, e todas esas Cofradías que viñeron o fixeron porque entendían que era un agravio para todo o mar, igual que na moción que vamos a presentar posteriormente tamén en defensa de Baiona pero sobre todo creemos que en defensa de todo o que é o mundo da pesca; polo tanto decir que se manipula ou que se chantaxea á xente para que veña a manifestarse a Baiona, creo que non é de recibo.

Ademáis podemos decir, sí é certo, que aquí ningún concelleiro firmou, é decir, que non está manipulado directamente porque ningún concelleiro deste grupo asinou; creo que non; cónxuxes, sí, pero concelleiros non.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 6,PSOE; producíndose 2 abstencións, BNG).

Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:

Primeiro.- APROBAR DEFINITIVAMENTE A MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE CIRCULACIÓN DO CONCELLO DE BAIONA.-

Segundo.- Publicar o texto integro da modificación no BOP de Pontevedra.

5.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION SOBRE O CAMIÑO PORTUGUES POLA COSTA.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr.Rodal, quen procede á lectura da seguinte Moción:

“Os Portavoces dos Grupos Municipales do Partido Popular e de Coalición Miñorana presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tradicionalmente os periodos de máis afluencia de peregrinos e visitantes do camiño coinciden cos anos santos Compostelanos, e o vindeiro será no ano 2010, onde se pretende visualizar mellor Galicia coa ampliación de infraestructuras e servizos, pois o Camiño de Santiago é cada vez un produto máis internacional e estímase que se incrementará un 50% os visitantes con relación ó anterior ano Xacobeo do 2004.

Como vostedes saben os Camiños de Santiago foron obxeto dun importante impulso tanto dende o punto de vista de promoción e divulgación do patrimonio como dende o punto de vista da difusión do camiño como vía de peregrinación, onde os camiños portugueses xogaron un papel moi destacado, e dentro destes, dende hai moito tempo os expertos inclúen o Camiño Portugués da Costa. Esta ruta que seguían os peregrinos procedentes das terras máis occidentais de Portugal tiña unha gran importancia, estando perfectamente documentado, sinalado e identificado. Partindo dende Porto, enlazando as vilas mariñeiras de Vila do Conde, Póvoa de Varzim, Esposende e Viana do Castelo, chegando a Camiña atravesando o río Miño en barca e dirixíndose hacia Camposancos en A Guarda, seguindo polo Rosal, pola vía romana “Per loca marítima” que comunicaba a Guarda con Baiona pasando Por Oia, Baiona, Nigrán e Vigo, onde se xuntaba en Redondela co procedente de Tui a Santiago.

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes, dende o equipo de Goberno instamos a Xunta de Galicia a:

1.-Que o camiño Portugués da costa sexa recoñecido e que se incluía dentro das campañas de divulgación, así como nos programas culturais que se poidan realizar dende a Institución Autonómica.

2.-Remitir este acordo ao presidente da Xunta de Galicia así como ós Alcaldes de A Guarda, O Rosal, Oia, Nigrán e Vigo.”

CONTINUA.- Primeramente quería agradecer a la persona, en este caso a Manolo Vilar, de quien surgió idea, esta iniciativa, y me la trasladó como concejal de Turismo para su posterior estudio y elaboración, quiero decir que realmente la iniciativa fué de Manuel Vilar; esto quiere decir que nosotros colaboramos y somos un equipo de gobierno, y como tal, cooperamos, y realmente colaboramos tanto por el futuro de Baiona como por recuperar su historia, es el caso de la Casa Museo de Navegación y en este caso la recuperación de una parte muy importante, como veremos despues, de la historia de Baiona, que jugó un papel primordial en el tema de la peregrinación. Uno de los motivos más importantes de plantear esta moción es que para el año 2010, que va a ser como se comentó anteriormente, año xacobeo, se van a destinar 141 millones de euros, 42 millones los pondrá la Xunta y los restantes los distintos patrocinadores; todo esto será para divulgar y promocionar, con distintas actuaciones, todo el peregrinaje; se cuenta con que más o menos se podrán recibir unos 15 millones de turistas potenciales, en el año xacobeo 2010, y por eso creemos que es un momento muy importante para intentar recuperar el camino portugués por la costa que nos afecta, porque realmente hay un camino reconocido que se llama camino portugués, pero no el camino portugués de la costa, que, como se comentaba antes, empezaba en Oporto, pasaba por Esposende, Póvoa de Varzim, Camiña, obviamente pasaba



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Camposancos, en La Guardia, llegaban los peregrinos al Rosal, Monasterio de Oia, despues accedian a la zona de las Mariñas, Cabo Silleiro, entraban en la zona de Baiona por Baredo, por la zona del Sinal, Rio Pequeno, despues y debido a los trabajos que se hicieron en la autopista se cortó ese camino y entonces habría que ir por el viaducto, y posteriormente a la zona de San Antón, llegaría a Covaterreña; Baiona siempre jugó un papel muy importante en la historia, con la Ex-Colegiata, donde despues de recuperarse los peregrinos serían atendidos en lo que era el hospital de peregrinación, que había dos, aunque al final se creó uno solo que es donde está ahora mismo la Biblioteca municipal; despues recorrerían la calle Conde, subirían Fuente de Zeta y Puerta de la Villa, Santísima Trinidad, irían por detrás de lo que son hoy en día las nuevas urbanizaciones, irían por todo el camino de atrás hacia Bahiña, todo el Burgo, y luego ya enlazarían con toda la zona de Fuente de Gafos, fuente del Pombal, todo el Camino Real, llegando a la parroquia de Santa Cristina, en Sabarís, pasarían por el puente románico de Guillade, el de Sabarís del mercado, y después enlazarían ya con el puente romano de Ramallosa para pasar Nigrán llegando a Vigo.

Nos hemos puesto en contacto con los municipios españoles implicados y ha tenido una gran aceptación esta idea, de hecho en el segundo punto pedimos la remisión de este acuerdo tanto al Presidente de la Xunta como a estos Alcaldes, de la Guardia, del Rosal, de Oia, de Nigrán, y de Vigo, que han aceptado esta iniciativa con una gran repercusión a pesar de que somos todos de diferentes ideologías, pero este es un buen comienzo.

Como comentaba antes, creo que Baiona dentro de estos 6 municipios gallegos, quizás sea el que tiene mayor relevancia, puesto que es donde hay más imágenes, más elementos, y sin menospreciar al Sr.Fernández, como no va mucho a las iglesias, pues que lo sepa, pero en Santa Liberata hay una imagen de un Santiago peregrino, ecuestre, que está detrás en el retablo, también en la Ex-Colegiata tenemos dos imágenes del Apostol peregrino, policromados, en San Juan también hay una imagen de un peregrino andante, y en la Misericordia tenemos la imagen de un peregrino ecuestre que se llamaba Matamoros. Baiona, aparte de ser un puerto marítimo muy importante por las relaciones que tenía con Portugal, con Inglaterra, con Irlanda, y con Francia, jugó un papel muy importante en el tema de la peregrinación y de hecho hay un montón de informes, me parece que del siglo XVI, donde se habla de los hospitales de peregrinos, de caridad, de las connotaciones que tenían, de lo que hacían, como recuperaban a esos peregrinos que iban de camino hacia Santiago.

Lo que pedimos en esta moción, desde el equipo de gobierno, es que este camino se equipare a los que ya están constatados, no están homologados oficialmente pero sí aparecen en los distintos mapas de la Xunta, del Xacobeo, con todas sus vías, con su señalización, y obviamente, su posterior divulgación; por eso decía que estamos en un año, pensando en el 2010, en el cual es muy importante plantear este tema; queremos que se señalice y se divulgue igual que el camino inglés, el de Finisterre, o el del Norte; y nos interesaría muchísimo, a mí personalmente por llevar Turismo, poder conseguir otro tipo de turismo alternativo, y además conseguir todas esas actuaciones que todos los Municipios por donde se realiza el peregrinaje tienen, con esas ayudas de tantos millones, de distintas actuaciones para lo que es potenciar su patrimonio cultural, y en Baiona, por suerte, gozamos de muchísimos elementos patrimoniales. Muchísimas gracias.

SR.LORES, PSOE.- Con todo o que poida favorecer a Baiona e poida traer algún tipo de axuda vamos a estar a favor; o único facer un par de consideracións, eu miro que a xustificación histórica que se lle dá a esta Moción non coincide co análise e cos estudos feitos polo arqueólogo do Museo de Pontevedra, D.Antonio de la Peña Santos, que no último Congreso que houbo patrocinado pola Deputación de Pontevedra e máis polo Patronato Rias Baixas, fai 1 ano e pico, cando se estaba pondo en valor a famosa Via XIX, que ven sendo a que coincide co camiño de Santiago portugués, a comunicación romana entre Braga e Santiago, cunha inversión importante por parte da Deputación, creo que foron 36 millóns que ahí se invertiron, ou se están invertindo para a posta en valor desa vía, que é a que coincide co camiño portugués, e falando desa posible Per loca marítima D.Antonio de la Peña Santos decía que iso non existía, que máis ben era unha Per loca turística, porque decía que os trazados das vías romanas eran trazados para desplazar lexións e mercaderías, e polo tanto non tiña ningún sentido esta desviación do camiño pola costa. Penso que aquí o que hai é unha sucesión de camiños reais máis



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

cunha famosa Per loca marítima, que según os últimos estudos está moi en entredito, repito que incluso a nivel do propio Museo de Pontevedra non se estaba pola labor fai un ano, senón todo o contrario, se estaba pondo en valor a Vía XIX, e non ésta; pero bueno, facer forza neste tema non nos parece mal.

Eu penso, xa dende o Partido Socialista, que ao mellor sería máis oportuno solicitar a inclusión de Baiona na vía marítima; nos portos da vía marítima; porque Baiona dende a entrada de Portugal é o primeiro porto onde se podería pernoctar, o que faría que tivera unha certa singularidade, Baiona é o primeiro porto dende Portugal que podería ofrecer esas condicións, entón poderíamos pór en valor ese tipo de cuestións; tamén están Sanxenxo, O Grove, Ribeira, polo tanto incluír a Baiona na vía marítima sí pode ser viable, cando ó mellor pode ser complicado que se aprobe este camiño como pretenden na moción, pero sí se podería incluír a Baiona na ruta marítima de Arousa e Oia, o que traería para Baiona un recoñecemento tanto a nivel turístico como a nivel de inversións e actividades.

Nós vamos apoiar esta Moción, pero pondo de que tamén se inclúa a Baiona na vía marítima de Arousa-Oia. Moitas grazas.

SR.ALCALDE.- O ano pasado xa tivemos actividades dentro do circuito da vía marítima.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Creemos que esta é unha proposta moi interesante e que se debe estudar ben a fondo porque evidentemente hoxe en día calquer localidade que se atope dentro da ruta do Xacobeo pois é unha cuestión máis a ter en conta cando se está falando de turismo, de feito que non soamente nos anos xacobeos se fan as rutas xacobeas senón que ó longo de todos os anos hai moita xente creinte e que non é creinte que o utiliza para camiñar, a modo de ocio. Cando se plantexa unha moción deste tipo cada ún busca asesoramento onde pode, e nós así o fixemos, e nos parece unha proposta moi interesante pero temos que engadir unha cuestión, unha cuestión creemos que fundamental, tal como ven redactada a moción non deixa de ser unha proposta de boas intencións; nós entendemos que esta proposta, e así o solicitamos ó Pleno, que quede sobre a Mesa, para facer un estudio profundo e serio e acompañala da documentación necesaria para que teña éxito. Aquí, na exposición da moción, se dí: "dende hai moito tempo os expertos inclúen o Camiño Portugués da Costa", ben, si hai informes e estudos que así o demostran, que hai expertos (non sabemos quen son eses expertos), pois que se documente, e se complete a moción con eses informes, iso sería importantísimo para que tiveran peso para poder sacarlhas diante ante os estamentos que teñan a obriga de estudar este tipo de propostas na Xunta.

SR.ALCALDE.- Non son informes, son libros, podemos meter a bibliografía onde está incluída Baiona dentro do camiño portugués pola costa; libros, non informes. A bibliografía é abundante, podemos mandar a que se queira, e de feito o máis importante, e que decía Angel, é o que ten Baiona, é dicir, cunha poboación como ten Baiona, un hospital desas características, practicamente non o tiña nadie. Está clarísimo que Baiona está metida nese camiño, e repito que non son informes, son libros.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Imaxino que si hai libros estarán feitos en base a uns estudos históricos con rigor; tamén hai libros de lendas, iso non vale; a cuestión é que quede encima da mesa, que se traia no próximo Pleno, porque estamos falando dunha cuestión que non corre prisa ningunha e entón habería que darlle peso á proposta coa aprobación en todos estes Concellos que están implicados, e unha vez esté aprobado en todos, incluso pola Mancomunidade de Concellos, pois trasladala ós Organismos competentes; iso sería unha proposta cun peso específico importante; esa é a carencia que lle vemos nós a este tema. En todo caso, no percorrido polas igrexas, aínda que eu non vaia moito, cando vou a verdade é que me fixo na arquitectura e non na parte simbólica, e de verdade que aínda estiven o outro día na Igrexa de Baiona, na que algún insensato se lle ocorreu romper contra o forte a base de martillazos e que as súas consecuencias traerá; en todo caso hai máis cuestións que a parte eclesiástica para visitar, hai petroglifos, hai camiños romanos neste Concello moi abandonados por parte das Administracións (de todas as Administracións), se están intentando recuperar algún deles agora mesmo a través da Consellería de Cultura, e me consta que é así; hai camiños romanos por onde presumiblemente si había algún sendeiro que conducía a Santiago algún deles existe na parroquia de



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

Sabarís, e eu son coñecedor déles, hai rodeiras de carros que teñen 15 centímetros (evidentemente non son para andar con tacóns), pero sí son rutas xacobeas, e hai outras moitas cuestións, incluso a paisaxe, que nunca nos acordamos de decílo pero dende o alto da Grova poidemos vender moito.

En todo caso me alegro que se busquen propostas de turismo alternativo dende a Concellería de Turismo; creo que é algo que necesita realmente Baiona, xa que no verán non hai onde meter máis xente e pola contra no inverno hai negocios que teñen que pechar. Polo tanto nos parece unha boa cuestión pero pediría que quedara un mes máis, non ten importancia ningunha, para engadir todas estas cuestións, e por suposto que si nós temos algo que engadir á Moción o faremos sen problema ningún porque creemos que esta é unha cuestión importante de cara ó futuro e de cara á sostenibilidade do turismo en Baiona durante todo o ano.

SR.VILAR, CMÑ.- Esta proposta é algo que non nos debe crear divisións nin dúbidas sobre a importancia que ten Baiona no camiño xacobeo pola costa dende Portugal. Eu había suxerido esta idea ó Concelleiro de Turismo, Angel Rodal, quen realmente con toda a súa sensibilidade se puxo a traballar no tema e agora se presenta esta moción coa que eu estou totalmente dacordo. Eu quero dar aquí unha serie de datos, se está intentando potenciar, como todos os anos, de cara ó Xacobeo, mellorar todos os camiños, e cada vez introducir novos camiños, o primeiro que houbo foi o camiño francés, pero a medida que se vai consolidando este interés por Santiago de Compostela, polas rutas, sen dúbida todas as zonas históricas se dan conta que poden ter, e de feito teñen, un protagonismo importante na ruta a Santiago, e neste caso falamos do camiño portugués. Eu quixera facer unha serie de consideracións sobre este camiño no que sí está intimamente implicado o que son a Asociación de Amigos dos Pazos, que está formada por historiadores que traballan moi seriamente neste tema, e que aportan unha serie de datos sobre os camiños; lóxicamente quedou demostrado que Vigo, a pesar de ser unha aldea de pescadores, xa tiña unha importancia estratéxica na época medieval, e sobre todo por ter asentamentos romanos, asentamentos medievais, sobre todo na salazón de peixe, e así o demostran os diferentes restos que alí se atopan, polo tanto Vigo xa era unha ruta de paso importante ata Redondela dos camiños portugueses pola costa; e como non pode ser doutro xeito, hai dous puntos estratéxicos que son Baiona e Santa María de Oia; en Santa María de Oia está o Mosteiro de Oia, que, sen dúbida, era o que dominaba historicamente toda esta comarca e polo tanto aí hai un gran valor; e me quero remitir ó que chamaban a vía monacal, e di “Ernesto Iglesias defiende la hipótesis de que las lanchas de los peregrinos iban hacia el mar hasta el lugar del área do Corpo Santo, una capilla ya desaparecida que pudo estar dedicada a San Telmo” explica Amor Romero; la otra hipótesis situa na pasaxe “el lugar donde desembarcaban los peregrinos para despues dirigirse por la costa hacia el Monasterio de Oya, por ello es conocido como camino monacal. La carretera actual ha destruido en gran parte el camino original que sí se puede ver en el tramo de ascenso a Baredo y llegada a Baiona. Desde la Villa Real el camino se dirigía a Sabarís, Camos, Priegue, y entrada en el Vigo actual por el llamado “camino do Romeu”, en Comesaña; es probable que los peregrinos se desviasen hacia la iglesia de Castrelos aunque lo normal es que cruzasen el Lagares por el puente de Balidos”, explica Amor Romero. Logo xa se centra un pouco máis en Baiona, como non podía ser doutro xeito, o libro “El camino portugués por la costa”, editado por Amigos de los Pazos, “realiza un recorrido artístico que comienza en la Iglesia de Santa María de La Guardia; allí se puede ver una imágen de Santiago peregrino y una pintura del siglo XVII; sin duda la Villa de Baiona es la que acoje más ejemplos de la devoción xacobeas en esta ruta. La Iglesia de Santa María ofrece la visión de una talla policromada de Santiago peregrino mientras que la capilla de Santa Liberata y de la Misericordia tenían sendas tallas de Santiago ecuestre, popularmente conocido como Matamoros por estar relacionado con la batalla de Clavijo. En Vigo también se puede localizar un Matamoros en la Iglesia de Santiago, de Bembrive”. Estes datos, que lóxicamente están documentados, e que ninguén pode discutir, en Baiona alcanzar unha dimensión especial, como ben decía o Alcalde, co Hospital do Santo Espírito, pero curiosamente neste hospital hai unha imaxe de Santiago, imaxe que está nas escaleiras interiores que acceden arriba, alí está Santiago; ou sexa, un hospital medieval, que ten unha imaxe de Santiago ecuestre, non Matamoros, significa que era un hospital de peregrinos; este dato posiblemente non o teña ningún Concello, de que nesta ruta: Mosteiro de Oia, un hospital, e cunha imaxe de Santiago da época medieval, nos demostra claramente que



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

Baiona era un lugar de paso. Hai que darse conta de que a carretera que vai pola costa é recente, é da época do Inxeniero Elduayen, que fora quen a trazara, pero realmente ía o camiño pola Percibilleira ata arriba e chegaba a Santa María de Oia. Aparte de iso aquí se celebraba na Percibilleira unha festa tradicional que era a festa de Santiago, o que quer decir que todas estas romerías adicadas a Santiago eran moi habituais nas zonas por onde pasaba o camiño.

Polo tanto nós creemos que Baiona, independentemente do tema do porto, que iso ó final tamén é interesante, pero claro, si viñan a Baiona en barco tamén poderían ir a Padrón que lles quedaba moito máis cerca, salvo que fora unha zona de paso de Portugal, a nós nos interesa a potenciación deste camiño portugués pola costa que sí vai ligada a vía Per loca marítima, calquer vía romana tiña logo a sua ramificación, en concreto hai un libro escrito por Juan Martínez do Tamuxe, que é un dos historiadores que quizás máis traballou neste tema, que estivo de parroco en Baredo antes de secularizarse, e foi un home que traballou no tema, e xunto a Domingo Comesaña publicou un libro sobre a vía Per Loca marítima, e defende que ún dos ramais que se conservan é o que viña pola costa que pasaba polo Mosteiro de Santa María de Oia e accedía a Baiona; aquí, en Baiona se plantexaba dous trazados posibles: un que baixaba directamente dende a serra da Groba á zona onde están os petroglifos de Sabarís, ramal que aínda se conserva no monte e que aínda se conserva en bastante bó estado, e outro polo camiño vello de Baredo que é o que se chamaba a vía de acceso a Baiona.

Creemos que con todos estes datos importantes Baiona ten que reclamar este tema do camiño, e temos que ser nós os que estemos convencidos con datos reais; sabemos que neste tema hai intereses, hai intereses doutras poboacións, por exemplo hai un camiño que vai por Tui e posiblemente moitos peregrinos portugueses que viñan dende Braga pois foran por Tui, pero hai outros que viñan pola ruta dende Oporto, que como pón aquí é o punto estratéxico en Portugal que utilizaría este camiño pola costa, que é o camiño que lle queda máis perto, e que polo tanto iría, como moi ben di a moción "Póvoa de Varzim, Esposende e Viana do Castelo, chegando a Camiña", cruzando, e vindo por aquí, porque hai unha cousa clara: sí algo tiñan que ter moi presente as xentes que se desplazaban na época medieval, moitos déas a pé, é que non ian a facer recorridos que lles duplicase o camiño, e ademais tamén tiñan que ter en conta a seguridade das vías, e o Mosteiro de Oia era unha garantía, démonos conta que estamos falando dun punto estratéxico como son os mosteiros das Ordenes Cistercienses, que logo se implantaron con posterioridade, que eran os que dominaban a economía das zonas, así temos os muiños do Folón, no Rosal, significaban que eran zonas cunha actividade económica moi importante, e logo non digamos do porto de Baiona.

A defensa deste camiño ten que ser algo que temos que reivindicar permanentemente, e nos vamos a atopar con intereses doutras poboacións históricas próximas, ás que non lles vai interesar posiblemente, ao mellor me equivoco, potenciar este camiño; pero creo que é un camiño con moitas posibilidades de ser recoñecido, e nós, sobre todo, temos que defendélo.

En canto ó que pide o BNG de que a Moción quede sobre a mesa, esta é unha decisión que ten que tomar a Concellalía, pero existen libros (como decía o Alcalde) que se basan en documentos históricos para demostrar que este camiño pola costa é algo que hai que potenciar, e sobre todo A Garda, Oia, Baiona, Nigrán, Vigo, e por suposto Redondela, eran puntos estratéxicos importantísimos para acceder a Santiago de Compostela.

O noso voto é favorable e espero que esta explicación nos anime a todos a apoiar este tema como unha reivindicación permanente do protagonismo histórico de Baiona. Moitas grazas.

SR.LORES, PSOE.- O equipo redactor do Plan Xeral debería ter en conta, e contempraxa, todos estes camiños de Baiona, que veñan marcados e que se contempraxa no Plan Xeral; a petición é para iso: igual que se vai a remitir ós Alcaldes, que se remita o equipo redactor do Plan esta moción.

SR.ALCALDE.- O Plan Xeral recolle digamos que o Inventario de edificios, os camiños como tal están no Inventario de camiños; digo que a nivel de camiño urbanísticamente non aparece no Plan.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

SR.LORES, PSOE.- Penso que no Plan Xeral debería haber protección para este tipo de vías, non vaia a ser que unha délas se asfalte.

SR.ALCALDE.- Evidentemente calquer resto que haxa neste momento xa está protexido; o que se descubra se protexerá tamén; non se pode tocar nada dos camiños actuais que están xa marcados, xa están protexidos, pero non é unha protección que marque o Plan Xeral.

SR.RODAL, PP.- Sobre lo que dijo el Sr.Fernández de dejar este tema durante un mes encima de la mesa, le recuerdo lo mismo que le dije antes: despues del próximo Año Santo, el siguiente será el del 2021, por lo tanto pienso que este es el momento para tratar este asunto. Por otro lado comentar que este camino está totalmente identificado, les puedo pasar información, identificado y localizado, con mapas topográficos, tanto por expertos como por investigadores, que lo han hecho peatonalmente, desde Baiona hasta Santiago hay 117 kilómetros, y si esta iniciativa va adelante les invito a todos ustedes a que podamos realizar este camino en 3 o 4 etapas, de unos 40 kilómetros cada una, porque seguramente al ser un camino muy duro nos va a unir muchísimo más a todos nosotros.

Decir que el motivo de esta rapidez es porque como dije antes, fué una iniciativa de Manuel Vilar, y aprobado en el Parlamento de Galicia, y fué reconocido como iniciativa del PP, pero también se pidió otro camino más, pero fué aprobado también por el PSOE y por el BNG, en la época estival del año pasado, del 2007, pero hasta ahora no se ha hecho nada; he tenido contactos con la Gerencia de Promoción del Camino de Santiago, de la Consellería de Cultura y Deportes, y obviamente no están mucho por la labor, lo que nos piden es que les pasemos toda la información posible, aunque he dicho que esto ya se aprobó en el Parlamento de Galicia; y en eso estamos, esta es la primera vía: llevarlo a Pleno; despues, llevarlo a los demás Ayuntamientos para que nos apoyen, y despues todo este estudio, con mapas topográficos (no solo de nuestro Municipio sino de los demás), trasladarselo para que realmente lo tomen en serio, porque como he dicho ha pasado casi un año y no se ha hecho nada, digo esto porque usted dijo que no había prisa pero sí la hay.

Está totalmente documentado, localizado, y como hemos comentado tanto Manolo Vilar como un servidor, hay muchísima documentación en todas nuestras calles, documentación visual, y de hecho si pasean por nuestro casco histórico verán zonas donde en las esquinas hay unas conchas de peregrinaje, repito que hay un montón de información escrita desde el 1551, libros donde realmente se relata todo lo que se hacía en el hospital de la Caridad, al igual que sobre el hospital de Vigo.

Con respecto a lo que es el mantenimiento de la zona, nosotros no tenemos mucho problema; habrá otros municipios que pueda ser que sí, como por ejemplo el caso de Vigo, como comentaba Manolo Vilar, el camino pasaba por la zona de Balaidos, pero realmente Vigo es una ciudad reciente y ha crecido, y para parte de ese camino tendrán que buscar alternativas; yo el otro día estuve en la feria de Turismo de Bilbao y me cruce con muchísimos peregrinos que iban por pleno asfalto central, o sea que obviamente con el modernismo estas cosas parecen un poco incongruentes. Pero comentaba, nosotros tenemos toda la zona, hace poco hice una ruta, la de las Greas, recorrí parte de ella y cuando fuimos por la zona de Baredo, Rio Pequeno, Sinal, pasamos por zonas, como decía el Sr.Lores, donde se pueden ver las marcas de los carros, son caminos romanos, y, sobre todo, lo que tenemos es una paisajística impresionante. Como concejal de Turismo creo que podemos potenciar unha alternativa más del turismo, y ya que tanto se habla ahora de desestacionalizar el turismo, de si turismo de Congresos, náuticos, etc., pues esto es una variante muy importante y real, lóxicamente en cooperación con Cultura puesto que esto es un tema cultural y turístico. Creemos que es el momento idóneo para llevarlo adelante y esperemos que los otros 5 Municipios implicados, gallegos, también lo apoyen y así entre todos hagamos muchísima más fuerza.

SR.ALCALDE.- Decir que en principio co que presentou o BNG non estamos dacordo non por nada en especial senón porque pensamos que a documentación ten que chegar pero o problema que temos é pór de acordo a todos os Concellos; falamos xa con eles, están de acordo, pero temos que ter unha Moción modelo para que poidan aprobar, se isto en setembro non está onde ten que estar pois lóxicamente nos presupostos do ano que ven non vamos a aparecer; a idea é que sí aparezcamos e se



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

nos teña en conta xa para o ano que ven. Por suposto que toda a documentación que se nos requira a xeneraremos, xa temos moita, pero este tema ten que ir xa para adiante porque senón os demais Concellos, entre que aproban ou non nos seus Plenos, pois poden pasar meses; penso que podemos seguir recuperando a información necesaria e dende logo estaremos ó que a Administración nos pida para poder levar isto a cabo.

Se procede polo Sr.Alcalde á votación a petición do BNG para que a Moción quede sobre a mesa, resultando: votos a favor, 8 (6,PSOE, 2,BNG); fronte a 9 votos en contra (8,PP, 1,CMÑ), polo cal resulta rexeitada a petición do BNG.

SR.FERNANDEZ, BNG.- E unha lástima que non aprobaran a nosa proposta porque creemos que vai ir coxa a Moción, en todo caso nós vamos a aprobála igual, evidentemente, pero creemos que toda a documentación que exista e que se poida conseguir debe acompañar esta Moción porque senón non vai a ter rigor ningún e non vai a ser máis cunha declaración de boas intencións e vai a quedar ahí. Vamos aprobála exactamente igual pero repito que creemos que deste xeito que se presenta vai un pouco coxa. Nada máis.

SR.VILAR, CMÑ.- Creemos que a decisión do goberno de aprobála é correcta, si ben tamén temos que ter en conta o que plantexa o BNG, iso se vai facer, intentar enriquecéla coas aportacións que nos poidan dar todos os Concellos, e facer xa unha proposta ben documentada, non hai ningún problema, unha cousa non quita a outra; é máis, creo que aquí haberá que pensar incluso en implicar a Concellos como Oporto, Viana do Castelo, Pova de Varzim, Esposende, que tamén, sen lugar a dúbidas, teñen un gran valor estratéxico e penso que estarían dispostos a participar. Nos consideramos que a moción se pode aprobar e logo, como xa comentou o Alcalde, pois enriquecéla con todos os datos que nos poidan aportar todos os Concellos.

Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, resultando aprobada por unanimidade.

Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:

- 1.- INSTAR á Xunta de Galicia a que o camiño Portugués da costa sexa recoñecido e que se inclúa dentro das campañas de divulgación, así como nos programas culturais que se poidan realizar dende a Institución Autonómica.**
- 2.-Remitir este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, así como ós Alcaldes de A Guarda, O Rosal, Oia, Nigrán e Vigo.**

6.-MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO.-APOIO O SECTOR PESQUEIRO GALEGO.

SR.RODAL, PP.- La motivación de la Urgencia es el momento que está pasando el sector pesqueroa urxencia é polo momento tan difícil que está pasando el sector pesquero, tanto a nivel de bajura como de altura. No hay más que ver los periódicos todos los días para saber lo que está ocurriendo con los precios inalcanzables del carburante que muchas veces llega a ser el 70% del coste tanto en los espaderos como en la atuneros, el 70% del coste del gasto total de los desplazamientos que supone



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

todo lo que es el transcurso de la pesca. Lo que pedimos aquí son unas medidas lógicas y dado el momento en el que estamos es necesario y preceptivo hacerlo en este instante.

(Neste intre abandonan a Sala o Sr. Manuel A. Gonzalez Marcote, PSOE, Dña Ana Maria Rodríguez Fernández, BNG, e D. Manuel R. Vilar, CMÑ)

Sometida a Urgencia da Moción a votación polo Sr.Alcalde, resulta aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes.

(Entran na Sala os señores Gonzalez Marcote, PSOE, Ana Maria Rodríguez, BNG, e Manuel Vilar, CMÑ)

SR.RODAL, PP.- Da lectura á seguinte MOCION:

Os portavoces dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana ó abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentan a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno

MOCIÓN EN APOIO DO SECTOR PESQUEIRO GALEGO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos aspectos que maior desequilibrio pode provocar na conta de resultados dunha empresa, dun autónomo, o una economía dun profesional, é que determinados gastos fixos, como pode ser o combustible, sufrán unha variación substancial que faga do traballo diario unha actividade pouco rendible ou, incluso, desvantaxosa. Desta situación non son alleos os profesionais que integran o sector pesqueiro galego, que estan a ver como, nos últimos meses, o prezo do combustible utilizado polas embarcacións non só está a sufrir un exponencial crecemento, senón que, incluso chegou a incrementarse nun 127% desde o 2005, e máis dun 38% nos últimos seis meses.

Este nivel de gastos é por definición inasumible a longo prazo e, en consecuencia, provoca unha situación insostible para moitas empresas, mariñeiros e armadores que, como única solución inmediata prevén o amarre das súas embarcacións, moitas das que permanecen paradas en porto.

Ante esta crúa realidade, o lóxico sería contar co auxilio das distintas administracións que, como a Xunta de Galicia ou o Goberno Central, non só teñen medios mais que suficientes para articular mecanismos de axuda ao sector pesqueiro senón que, a maiores, dispoñen dos resortes axeitados para promover un control máis exhaustivo dos actuais prezos.

Nin desde Madrid, nin desde Santiago, se poden conformar afirmando que se trata dunha situación conxuntural, ou escusándose pola súa insolvencia para por fin a unha inflación descontrolada, que ata chega a afectar aos produtos máis básicos. Tanto o Goberno galego como o central deben abandonar a súa actual posición de desinterese para traballar a favor do sector pesqueiro, isto é, para contribuír eficazmente a superar a actual crise.



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Á vista dos acontecementos, está claro que os nosos gobernantes non souberon defender satisfactoriamente ao sector pesqueiro galego. Non o souberon facer cando articulan mecanismos como os minimis que son axudas que chegan tarde, xestiónanse tarde e ingyésanse aínda máis tarde; axudas que ademáis, pechan a porta de forma expresa ao acceso a outro tipo de subvencións durante un período de tres anos, un prazo de tempo claramente excesivo a xuízo da evolución actual nos prezos.

Tampouco acertan os nosos gobernantes cando negan, sen deixar o menor espazo para reconsiderar a súa postura e facer unha sosegada análise, a posibilidade de establecer un tope máximo ao gasoleo utilizado polos profesionais da pesca, cando desprezan outro tipo de subvencións destinadas ao contros dos prezos como poden ser ata a rebaixa da carga fiscal do gasóleo ou a creación dun combustible profesional, ou cando desprezan a articulación de descontos ou beneficions nalgúns impostos como o de Sociedades para os profesionais que se ven inmersos nesta crise.

Desde a Xunta de Galicia e desde o Ejecutivo central refutan, en definitiva, posibles solucións que resultarían eficaces para minimizar o impacto da crise.

En todo caso, o máis preocupante da situación actual, ademáis da súa repercusión directa e inmediata na economía diaria das miles de familias cuxo traballo, en Galicia, depende directamente do aproveitamento dos recursos do mar e do marisqueo, é observar a falta de vontade política dos actuais gobernantes que, pese a ter á súa disposición fórmular para atallar os efectos perniciosos deste descontrol de prezos nos combustibles non fan nada. Permanecen inactivos xa ben sexa por unha cuestión de incapacidade manifesta na defensa da nosa pesca ou, o que é aínda máis grave, por simple desidia. Temos, polo tanto un Goberno que non só se limita a dar as costas ao sector pesqueiro cando atravesa unha das súas máis graves crises, senón que ademais, non ten intención de cambiar o seu errado comportamento.

Por todas estas razóns, os Grupos Municipais que subscriben, consideran de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación ACORDE:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas:

- a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non rendible a actividade pesqueira e marisqueira.
- b) Que se poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo de peixe, co obxecto de que contribúa a frear a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia.
- c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, que inclúan a exención do pago de coutas sociais durante seis meses e desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto de Sociedades que está a ser soportado polos axentes do sector pesqueiro galego (mariñeiros, mariscadores, empresar do ámbito marítimo pesqueiro)
- d) A elaborar en compañía das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan extratético da pesca

para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta requirise da implementación de mecanismos compensatorios.

- e) **A establecer un maior control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entre outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país.**

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

CONTINUA.- O sector pesquero sempre fué un sector muy duro tanto en bajura como en altura, por tener que trabajar muchas veces con condiciones atmosféricas muy complicadas; en Baiona hay sobre todo muchos marineros de altura que han tenido que llevar una vida apartada de sus familias, mínimo durante 4 meses, muchas veces, lo que a nivel psicológico supone un gran desgaste. Obviamente también es un sector de grandes riesgos laborales, de hecho desgraciadamente y hace recientes días han tenido un accidente dos marineros de Baiona que iban al atún trabajando en cubierta, y uno de ellos, Modesto González, ha fallecido; por suerte su compañero se encuentra hoy en día ya mejor. Ultimamente, aún por encima y desgraciadamente, tenemos noticias de los secuestros somalís, de piratas, también por desgracia lo han padecido vecinos nuestros como son Amadeo, Cándido, y Angel, y aún por encima de toda esta problemática aún tenemos la de que pueda haber que mucha parte de la flota de altura, sobre todo, tenga que ir al cierre, porque obviamente con estos incrementos tremendamente acelerados cada día como es el carburante pues lógicamente ésto no hay forma de soportarlo, entonces muchos barcos están viendo que no les sale rentable ir a determinados caladeros; y esto también influye en la pesca de bajura; como decía antes, el 70% del desenvolvo total de muchos arrastreros es sobre todo el carburante. Lo que pedimos es que se tomen medidas en el control de la pesca importada, sobre todo a nivel del etiquetado, y que haya una supresión de impuestos sobre el gasoil, mientras no haya otras medidas alternativas como son motores a gas, o hidrógeno, que es bastante futurista; lo que pedimos desde aquí es solidaridad con todos nuestros marineros; en Galicia hay unas 12.000 familias que dependen directamente de la pesca, y en Baiona solamente en bajura hay 70 familias que dependen directamente de lo que es el sector de la pesca, solamente en bajura.

El equipo de gobierno pide la solidaridad de toda la Corporación Municipal con nuestros marineros y por la tradición pesquera que tiene Baiona desde hace muchísimos años, para que se apruebe esta Moción.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- A exposición de motivos que fai o Sr.Rodal agora mesmo non ten nada que ver coa exposición de motivos da Moción presentada, absolutamente nada que ver; esta Moción en defensa do sector pesqueiro eu creo que non é de defensa, é unha moción de ataque, absolutamente; o outro día, cando se nos presentou esta Moción, ó final da Comisión Informativa o Alcalde nos brinda a que fagamos algún tipo de suxerencia, ou consensuála, ou modifícala, e que o fagamos o antes posible para levála a Pleno; eu creín nesa situación e o primeiro que fixen foi intentar leéla o antes posible para levar a cabo esas modificacións. Dende logo o único apoio que hai ó sector pesqueiro está no título, o resto é un panfleto propagandístico, partidista, e demagóxico. Intentan consensuar, intentan levar unha moción que non ten nada que ver co que acaba de explicar o Sr.Rodal, cun contido que dí: *“Tanto o Goberno Galego como o Central deben abandonar a súa actual posición de desinterese... . Está claro que os nosos gobernantes non souberon defender satisfactoriamente ao sector pesqueiro... . Axudas que chegan tarde, pechan a porta..., tampouco acertan os nosos gobernantes cando negan,... desprezan outro tipo de subvencións..., desde a Xunta de Galicia e desde o Executivo Central refutan, en definitiva, posibles solucións..., falta de vontade política dos actuais gobernantes..., non fan nada, permanecen inactivos..., cuestión de incapacidade manifesta..., simple desidia..., errado comportamento”,* ¿onde está



EXCMO. CONCELLO
DE
BAIONA
(PONTEVEDRA)

a defensa do sector pesqueiro nesta Moción?, é un ataque absoluto, non é ningún tipo de defensa de nada, un ataque absoluto.

A Moción remata: “.. *de interese municipal prioritario levar a cabo as seguintes medidas...*”, interese municipal prioritario; falan de “descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo”, isto é unha barbaridade; falan de “posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, cuotas sociais...”, non ten ningún tipo de sentido; falan de “falta de subvencións”, antes as empresas levaban ata 3000 euros de subvencións e agora ata 30.000; falan de que “as axudas chegan tarde”, Galicia é a primeira Comunidade Autónoma en pagar as axudas; falan de “campañas de promoción dos produtos”, xa hai periódicamente esas campañas; “maior control das importacións de peixe”, xa existen servizos de Inspeccións, incluso a regulación a fixo o Goberno do PP.

O sector pesqueiro neste caso, como foi en Plenos anteriores o cánon da tarifa nocturna, a violencia de xénero, ou o decreto de Habitat, únicamente son disculpas para facer, eu non sei porque, política autonómica, ou nacional, neste Pleno; non se preocupan da política municipal e sí da política autonómica e nacional. Debe ser que os dirixentes do PP, tanto autonómicos como nacionais, están noutras lides, están bastante ocupados, non teñen en conta as políticas nacionais e autonómicas e vostedes se preocupan delas.

Esta Moción parécenos demagóxica, non reflexa para nada o que vostede plantexou na súa intervención, para nada, non ten nada en conta o que vostede estaba decindo, e para nós obviamente non supón unha defensa dos intereses do sector pesqueiro senón que é unha disculpa de ataque ó poder autonómico e nacional. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Como diría o Sr.Vilar, esta é unha moción de “cicloscyl” auténtica, eu ante isto teño que decirlle ó Alcalde que ten que gardar un pouquiño as formas porque xa está ben de que o PP utilice o diñeiro público para seu traballo; non hai dereito, e está totalmente fora de lugar que se presente unha moción do PP e CMÑ con membrete do Concello de Baiona, con papel e cos ordenadores do Concello de Baiona, por tanto é convinte gardar as formas e realizar as mocións onde hai que realizálas. Iso para empezar.

En segundo lugar, vostedes presentan aquí unha moción evidentemente de acaso e derribo ó Goberno Central e tamén ó Goberno da Xunta porque estamos en campaña preelectoral, xa estamos na campaña, e a mín que lle den vostedes caña ó Goberno do Estado me parece moi ben, nós tamén lla vamos a dar; agora, pola parte que me corresponde, esa xa é outra cuestión; a crise que existe no sector pesqueiro co incremento do prezo dos combustibles, non é unha cuestión coyuntural, sí estrutural, seguramente que o prezo irá en aumento, todo parece indicálo así, pero levamos con este aumento alomenos 8 anos, dende o ano 2000; ultimamente con máis intensidade subíu, iso é certo; e eu me pregunto que medidas tomou o PP no Goberno do Estado ou no Goberno da Xunta para afrontar este problema; en calquer caso e dado o carácter estrutural do problema a solución non se pode fundamentar con subvencións e axudas, evidentemente; cumpren actuacións doutro tipo, estratéxicas, facendo que os custos de explotación, neste caso de combustible, recaian sobre os prezos do produto, do peixe, ou do marisco, pero en primeira venda e na lonxa, como debe ser.

O ámbito competencial destas cuestións non está en Galiza, Galiza non ten esas competencias; o BNG ten manifestado e criticado no Estado Español, e precisamente alí os partidos do Estado votan en contra de asumir en Galiza estas competencias; en todo caso, de calquer xeito, son vostedes coñecedores, e por iso tamén practican a demagoxia con esta moción, de que a Unión Europea prohibe expresamente a subvención directa ao combustible, a prohibe expresamente; o problema non é so o gasoleo, en Galiza existen máis de 1.800 embarcacións, como son o marisco de a flote, baixura, percebe, etc., que utilizan gasolina, non gasoleo. Daquela, e dende a perspectiva galega, o lóxico sería demandar o mesmo tratamento fiscal para quen xa ten o gasoleo evitando a discriminación que padece o sector de baixura galego. A solución non pode pasar, como defenden os armadores, por facilitar e subvencionar o desplazamento ou o desguace da flota, evidentemente que non debe de pasar por ahí.

Hai que traballar na comercialización dándolle máis valor en primeira venda ao peixe e o marisco, e iso, hai probas palpables que en Galiza se está facendo así en certas Cofradías concretas como é a de



EXCMO. CONCELLO
DE
B A I O N A
(PONTEVEDRA)

Celeiro, onde a Consellería de Innovación e Industria, do BNG, si promove ese tipo de actuacións; o Partido Popular, que durante tantos anos estivo gobernando, nunca promoveu unha iniciativa para que a materia prima que se pesca na zona galega, do pais galego, sexa diferenciada como a que se pesca en Canarias ou en Holanda, porque todos levamos o mesmo membrete de calificación da zona onde foi pescado ese peixe, e esa normativa a aprobou o PP, non a aprobou o BNG. Vostedes estiveron dende os Reis Católicos.

Dende longo nós estamos por estender sistemas de propulsión que abaraten os custos de combustible, e iso si que pode ser perfectamente subvencionado, por iso mesmo nós queremos facer unhas enmedas a esta Moción para que se teñan en conta, son as seguintes:

- a) A mellora do control das importacións que inclúa a modificación da normativa de etiquetaxe e de visión dos acordos da OMC que fixan a exportación de produtos mariños de terceiros países.
- b) Igual tratamento fiscal para a gasolina que o que ten o gasoleo.
- c) Impulsar melloras na comercialización para darlle máis valor en primeira venda ó peixe e marisco, de xeito que os custos de explotación recaia sobre os prezos do produto en lonxa.
- d) Apoio e subvención á implantación de sistemas de propulsión que abaraten os custos de combustible, como é o gas licuado, motores de aforro enerxético, de 4 tempos, etc.
- e) Posta en marcha de campañas de promoción de consumo de peixe.
- f) Poñer en marcha un paquete de medidas administrativas no plano fiscal e social que permita que a nosa flota pesqueira poida mantér a súa actividade.
- g) No marco do pacto social, establecer unha mellora das condicións sociais e laborais dos mariñeiros e das tripulacións.

Esta é a proposta do BNG. Moitas grazas.

SR.VILAR, CMÑ.- Nós estamos aquí presentando unha Moción sobre a problemática que teñen agora os pescadores, nunha zona como é Galicia, e en concreto en Baiona, onde realmente temos unha dependencia da pesca tradicional durante toda a nosa historia, e nun contexto como é o Goberno do Estado onde desgraciadamente o produto interior bruto de España que representa a pesca é relativamente pequeno. En cambio aquí en Galicia, en concreto en Baiona, como en todas as poboacións costeiras, temos unha gran dependencia dél; con isto apuntado aquí, e xa na exposición de motivos, todos sabemos que sen dúbida a dependencia que teñen os barcos pesqueiros do gasóleo e do combustible é fundamental, e cando se fala de pesca de baixura hai que distinguir o que representa o marisqueo, que practicamente é unha pesca que se fai no litoral, coas pequenas embarcacións, que son unha gran maioría, que se adican a fanear en augas si ben xurisdiccionais pero que requiren grandes desplazamentos y sobre todo estar co motor permanentemente encendido durante o tempo que permanecen no mar. Recordo, o meu pai era mariñeiro, os meus avós, de sempre, que tiñan os famosos "cupos" que recibían polo gasoleo e pola gasolina e sen dúbida foi o que permitiu que dalgún xeito logo se fora industrializando a flota pesqueira galega e se fora modernizando; e de feito, en época pasadas, que ao mellor tanto se criticaba, pois sempre este sector estaba primado, porque non había máis remedio para facer rentable as explotacións de baixura en materia de combustible.

Todos sabemos que entramos na CEE e hai problemas para estas subvencións, isto é unha realidade, pero hai que escoitar ó sector, e realmente hoxe en día este tema se agrava coa importación de peixe e como ben decía o outro día, eu tiven a sorte de escoitar ó Presidente dos armadores galegos, no que plantexaba que Galicia está sufrindo unha serie de reestruturacións na flota artesanal, como foi incluso a redución e venda de tonelaxe a terceiros países, que desgraciadamente esa venda dese tonelaxe logo España lle compra a eses mesmos países, é dicir, que por un lado nós eliminamos flota creíndo que vamos a facer máis rentable as nosas explotacións e logo eses barcos que están agora ahí, en terceiros países, con bandeira doutros países, teñen como prioridade a venda en España, o que quer dicir que se está saturando de peixe o noso mercado incluso con merluzas, con peixe de primeira consumición, que estamos acostumbrados a consumir, en detrimento das nosas especies, sobre todo as especies que pescan os barcos galegos, é dicir, xa non os de altura como son os atuneros, senón os



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

barcos medios que están pescando no banco sahariano, en Canarias, na costa portuguesa, que están aquí dentro das 200 millas que dalgún xeito son os que están sufrindo esta terrible reconversión.

Todos sabemos como é Europa, posiblemente en Europa se descoñezca o problema da pesca porque non é o mesmo a pesca de litoral en Noruega que a que pode ser en Galicia; en Galicia estamos explotando historicamente caladeros como o do Gran Sol, que son habituais para a pesca galega, se ben é certo que están en Irlanda todos sabemos que é a flota galega a que tradicionalmente explota eses caladeros, e me temo que os barcos que van ó Gran Sol van a ter que pechar; eu llo digo porque concretamente o meu sogro foi mariñeiro do Gran Sol, se xubilou no Gran Sol, e me conta o que era o Gran Sol, porque é un mar de risco fundamentalmente, isto é algo que non teñen en conta os que descoñecen o que é o mundo da pesca, porque as veces non se trata soamente de pescar hai que ter unha tradición pesqueira de moitos anos para ir a pescar ó Gran Sol; e moitas veces, nuns cascaróns, os mariñeiros están alí arriesgando a vida; iso o fixeron os mariñeiros dende sempre porque forma parte da tradición das nosas xentes, dos nosos mariñeiros; isto non o fan outras Comunidades porque descoñecen a problemática da pesca.

O que nós sí temos moi claro, como baioneses, como fillos e netos de mariñeiros que vivimos neste ambiente, é que creemos que o Estado ten que facer un esforzo, dalgún xeito, para favorecer a viabilidade da flota pesqueira, isto é algo que non podemos esquecer, e creo que dende a Corporación de Baiona, independentemente dos defectos técnicos que poida ter esta Moción, temos que dirixirnos ó Goberno, e creo que Baiona é un Concello moi significativo como para aprobar sen fisuras esta Moción.

E posiblemente o que dí o Sr.Fernández sexa verdade de que hai que adoptar unha serie de medidas, pero é que fala vostede de motores de aire comprimido, etc., de cousas que son de futuro, máis ben, entón teríamos que falar aquí tamén de enerxía nuclear e cousas así, que están fora de contexto. Creo que a realidade é a que é, o sector pesqueiro está pasando por unha situación gravísima, creo que neste caso se da a importación de peixe de terceiros países, que ao mellor son Chile, ou Perú, ou incluso países de Indonesia, que nos venden pesca, ou incluso de Vietnam, como decía o Presidente de armadores, fora dos nosos caladeros e que en cambio veñen a España porque España é un país tradicionalmente consumidor de peixe e incluso o máis consumidor de peixe da Unión Europea gracias ó esforzo da flota galega. Nós apoiamos sen fisuras esta moción e posiblemente si se presentan máis, as apoiaríamos; a defensa do noso sector tradicional é fundamental, e sobre todo nun Concello tan emblemático como é Baiona, independentemente de que a política da Consellería de Pesca e Agricultura, e os intereses do Goberno de España, esté quen esté, sexan outros, nós defendemos este tema e polo tanto non nos debe temblar o pulso para apoiar esta Moción. Estamos a favor sen dúbida.

SR.RODAL, PP.- Comentar que como equipo de goberno a nosa obriga é defender os intereses dos cidadáns, en este caso estamos falando dos mariñeiros, e como comentaba o Sr.Estévez non somos o organismo en si competente, pero si somos competentes para instar ao seguinte organismo, que é a Xunta de Galicia, a que realice as gestiones diante das distintas administracións competentes, que obviamente é o Estado, e éste a su vez, si é competente para solucionarlo, terá que facelo a nivel europeo.

Creo que ten que estar claro que nosotros vamos por el interés de nuestros marineros y que ahora mismo no estamos gobernando ni en la Xunta ni en el Gobierno, pero lo que no puede ser es la culpa siempre del Partido Popular; si sube la luz ahora seguro que también es culpa nuestra; si sube el carburante, somos nosotros los que tenemos que buscar soluciones; nosotros ahora mismo en Baiona estamos gobernando en coalición, con CMÑ, en el municipio de Baiona, y somos responsables de nuestros actos; pues ahora están gobernando a nivel Xunta, PSOE y BNG, y es su responsabilidad; obviamente la oposición tiene que hacer su trabajo, y a nivel nacional gobierna quien gobierna y tiene también su problema, pero lo que no se puede hacer es estar diciendo todos los días desaceleración, antes de las elecciones, desaceleración despues, a este paso si seguimos desacelerando vamos a cero por hora; estamos en una crisis, en una crisis tremenda, se dieron unos valores estos días que desde el año 1996 el desempleo en mayo nunca ascendía (porque obviamente empieza a funcionar la hostelería y se crean muchos trabajos), pues resulta que este año, en mayo, a pesar de que se decía que no había ninguna crisis, pues ha habido 15.000 parados más; y con esto no quiero meterme en política nacional,



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

simplemente he dicho aquí que instamos a la Xunta porque es el Organismo competente, y porque realmente son los que están gobernando; igual que antes vimos por el bien de nuestro Municipio, intentar recuperar una zona a nivel turístico, de peregrinaje, pues ahora lo mismo: tenemos que ver por el bien de nuestros marineros, llegando hasta donde haya que llegar, pese a quien pese, cuando uno está gobernando tiene sus responsabilidades, y ahora mismo hay unas personas que son las que están gobernando. Muchas gracias.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Pois ésta non debe ser a Moción que nos pasaron, porque non ten nada que ver co que están dicindo, que bonito Sr.Vilar, é mellor que fagan a moción despois de falar no Pleno, porque non ten nada que ver, absolutamente nada que ver, co que están agora falando de defensa dos mariñeiros de Baiona, da situación económica, etc., nada que ver co que pón aquí a Moción, nada que ver.

Falaba o Sr.Rodal de que o desemprego ten un dato moi malo onte, o peor dende o ano 96; aínda así, a súa portavoz parlamentaria no Congreso dos Deputados, dixo que dende o inicio da democracia; pero é certo: é dende o ano 96; igual mesmo que o tipo de interés a día de hoxe é parecido ou igual ó do ano 2000; e quen gobernaba no ano 2000, e no ano 96, en España, era o Partido Popular; daquela non había crisis, nin desaceleración nin nada, resulta que hoxe isto é unha hecatombe, cos mesmos datos económicos.

E certo realmente que o prezo do barril de petróleo está sendo un dato complicado, por suposto que é certo, e a inflación; e eu me pregunto que ten que ver a política económica dun goberno nese aspecto, co que lle pasa ós mariñeiros de Italia, Francia, en Bruselas, onte protestando; ¿e qué gobernos teñen Italia e Francia?, os mariñeiros galegos aínda non están protestando, pero sen embargo xa hai disturbios en Bruselas dos mariñeiros de Italia e Francia.

Por suposto creo que o PSOE, ó longo da súa historia, polo que máis se ha caracterizado é por defender ó sector primario, o agro e a pesca, da súa defensa dos seus intereses diante dos Organismos europeos, nas súas políticas de subvencións, de axudas, de bonificacións, do estado de benestar; a política económica do PP é absolutamente contraria: se basa na libre competencia, na economía de mercado, na non regulación, sen embargo piden baterías de medidas fiscais, de bonificación no prezo do gasoleo; non se o creen, vostedes non fan ese tipo de política económica, ¿porqué a piden, porque están na oposición?, ¿exactamente porqué?. Por suposto que aceptamos que existe un incremento desmesurado do prezo do petróleo, e inflación, por suposto que sí, obviamente; pero do mesmo xeito que ningún Goberno occidental tivo en conta esta nova situación económica, nin puxo remedio, o máis atento a esta situación económica é o Goberno de España coas novas medidas e axudas para incentivar o consumo.

SR.ALCALDE.- Céntrese, non estamos falando nin de Italia nin de Francia.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Pois deixen de presentar mocións baseadas en políticas autonómicas e nacionais, e discutiremos de políticas municipais; discutiremos dos problemas de Baiona, non teremos desculpas co cánon, nin co Hábitat, nin coa tarifa nocturna, senón que falaremos da Praza de Abastos, das Bandeiras Azuis, do servizo de limpeza da recollida do lixo, da vivenda protexida, do PEPCHAB, da lentitude da Administración municipal, de faia de alternativas nos parkings de pago (baleiros todo o ano), da calidade de vida dos veciños do casco vello, etc.

SR.ALCALDE.- Céntrese na Moción senón non vamos acabar hoxe o Pleno.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Vostede fala de interese municipal prioritario na moción, eu tamén; non vou a falar de tonterías como estabamos falando antes, obviamente, en Bruselas non coñecen a nosa situación.

SR.ALCALDE.- Pero ¿cómo pode decir que é unha tontería falar dos problemas dos mariñeiros, cómo pode decir que é unha tontería?, ¿quer falar deste tema ou non quer falar?, vamos a acabar, non vamos



EXCMO. CONCELLO

DE

BAIONA

(PONTEVEDRA)

a discutir máis, ¿cómo pode ser unha tontería falar dos mariñeiros?, ¿pero a quen representa vostede, Sr.Estévez?, acabe e vamos a votar, vostede non quer defender nada.

SR.ESTEVEZ, PSOE.- Non leeron a Moción, non ten nada que ver as intervencións que fixeron co que pón a Moción, nada que ver, nin as medidas que propoñen, nada que ver coa defensa do sector pesqueiro, nada, absolutamente nada; esta Moción non está feita en Baiona, para nada, ven determinada dende fora. O noso voto é contrario. Moitas grazas.

SR.FERNANDEZ, BNG.- Sr.Vilar, teño que agradecerlle que asumira todas as enmendas que fun desgranando unha a unha na miña exposición, as defendeu todas case mellor que eu, aínda; .polo tanto espero que as apoie.

Referente ós inventos que vostede nomeaba de enerxía nuclear, eu a verdade é que non miro unha gamela en Baiona propulsada por enerxía nuclear, nin en corto, nin en longo prazo. A cuestión é que as propostas se fan, e seriamente. Estou sorprendido de que o PP se interese por defender ós mariñeiros; nunca tal cousa oín; eu me pregunto onde estaría o Sr.Alcalde cando o PP nos meteu a RONAUTICA aquí, na bahía de Baiona; e onde está o PP cando o Clube de lates verte centos de litros de gasoil na bahía de Baiona, me pregunto onde está o PP; dín que non están gobernando no Estado nin na Xunta, pero están en Baiona; e cando o PP facía propostas e cando levaba a cabo accións de goberno dende a Xunta de Galiza, o PP en Baiona agachaba a orella, sempre o fixo mentres estivo gobernando; ou sexa que non nos fagamos aquí defensores da Patria que non é o caso.

Quero aclarar unha cuestión, importante e real como a vida mesma, todas as normativas das que vostedes critican agora mesmo foron aprobadas e levadas ó Parlamento Galego, Español, e Europeo, polo Partido Popular; o que non lles sirve agora e que vostedes rexeitan foron feitas e aprobadas por vostedes, e agora non lles sirven porque están na oposición; pero foi o que vostedes deixaron de herencia neste pobo.

Decía o compañeiro do PSOE que non tiña culpa o Goberno do Estado de certas cuestións, e estou completamente en contra desa manifestación; ¿é que o Sr.Aznar non tivo nada que ver na guerra de Irak?, ¿é que a guerra de Irak non ten nada que ver na crise do petróleo?, estamos pagando as consecuencias, non teñen a máis mínima dúbida. ¿E que o PP non ten nada que ver nas regras de xogo que levaron adiante as grandes multinacionais petroleiras?, ¿é que non ten nada que ver?, aínda que sexa por omisión, sí ten algo que ver; o que pasa é que ó PP o sistema capitalista lle autoriza todos os abusos habidos e por haber ata que chegan as vésperas electorais, entón as critica; pois para o bó e para o malo; estas regras que temos agora mesmo, e que están ocasionando gravísimos prexucios, dende fai moito tempo, non só ó sector pesqueiro, ó sector gandeiro, ó sector lacteo, ¿quén asinou en Europa as condicións de entrada na Unión Europea fai moitos anos?, e vostedes tamén, o Partido Popular tamén, o BNG criticoulas, e nos chamaban tolos por iso. Con todo o sector primario, botáronlo abaixo; agora mesmo os armadores, incluso, se queren poñer as botas para que lle subvencionen a retirada dos barcos, pensan soamente néles; non pensan nos mariñeiros.

Nos mariñeiros se pensa noutros termos; noutra clave; non en destruír os barcos senón en buscar outro tipo de solucións; nós temos aquí produto de calidade, o mellor marisco e o mellor peixe é o galego, e iso ten que explotálo a Xunta de Galiza, e o Estado Español, e non pechar os barcos e desguazalos para subvencionálos, ¿para qué?, ¿para que se forren 4?, non estamos de acordo con iso. Iso é o que hai que defender, así se defende ós mariñeiros, non doutro xeito; as normas de xogo que temos agora, e que vostedes critican, as puxeron vostedes fai moitos anos; agora as critican porque están na oposición, pero o envolado xa o deixaron antes; isto é exactamente igual que a moción que presentaron fai uns anos aquí para condenar cando aqueles asesinos dos Policías se puñan en liberdade e criticaban a Lei que habían feito vostedes, é exactamente a mesma cuestión; critican o traballo que fixeron antes porque agora están na oposición e antes no goberno, esa é a cuestión, pero non fan unha política seria de axudas, senón de imáxe nada máis.

Para nós, esta moción é unha moción presentada con intereses partidistas de cara a unhas eleccións autonómicas, estamos en precampaña; polo tanto para nós non serve. Isto non axuda ó mariñeiro; isto é unha moción de imáxe, imáxe para o PP gañando á xente con que queren defender uns intereses que

realmente non están defendendo; polo tanto, para nós, esta moción non vale. O que sí pedimos é que nos acepten as enmendas que presentamos; nada máis.

SR.ALCALDE.- Claro, a demagogia é dunha parte, non da outra.

SR.VILAR, CMÑ.- A nosa postura quedou perfectamente clara na miña exposición de motivos, simplemente decirlle ó Sr.Fernández que creo que non me entendeu; eu, cando lle falei de sacar agora aquí un debate de enerxía nuclear (cousa na que éste non é o contexto, é tema doutras Institucións), o fixen cando lle puñades símil cando falabas de motores de hidróxeno, de aire comprimido, porque que eu sepa iso non está nestes intres, dalgún xeito, normativizado, experimentado, nin ten aplicación ningunha; iso é falar por falar; aquí a realidade é a que é, o sector primario galego é a pesca e está sufrindo un gravísimo deterioro, e nós, dende o noso punto de vista, todas as mocións que se fagan, aínda que soamente sexa para sensibilizar ó Goberno de que hai que tomar medidas de apoio a este sector, pois benvidas sexan e as aprobamos; en canto ó que vostede dí, lóxicamente si vostede o que quería é facer enmendas á Moción, eu entendo que esta moción xa pasou por unha Comisión Informativa, vostede podía, dalgún xeito, ou ben agora por escrito, antes do Pleno, podería presentálas e poderían refundirse e se poderían aceptar, pero ¿ónde están por escrito esas enmendas que agora presenta?, ¿é que acaso lle ten medo ó señor Anxo Quintana ou ós dirixentes do BNG?, dígame onde están esas enmendas, me gustaría vélas para contrastálas.

Ante iso non nos queda máis remedio que aprobar a Moción tal e como está, ante a falta de alternativas. Sr.Presidente, o noso voto é a favor e si o Sr.Fernández presenta esas mocións e son coherentes, as miraríamos e as introduciríamos, pero neste momento non o están.

SR.ALCALDE.- Evidentemente hai mala fé, mala fé clara porque o lúns se presentou, se entregou, na Comisión Informativa, e se dixo textualmente por miña parte de que antes do Pleno, de alí ata o xóves, nos sentamos si tiñan algunha cousa que presentar, para levar unha moción conxunta. Esas foron as miñas palabras antes de terminar a Comisión Informativa, teño bastantes testigos; polo tanto, hai mala fé, e o que se quer é reventar a Moción. E para mín o peor de todo non é que queiran presentar enmendas fora de tempo, desta forma, senón que non se discuta do problema real que temos en Baiona e en todas as Vilas mariñeiras, pero a mín me preocupa especialmente Baiona; e pode ser que pronto haia xente que tiña que parar os barcos, e me preocupa que no Pleno de iso non se fale; se fala da exposición de motivos, se fala da normativa que fixo o PP; tamén dicir que despois de 3 anos, que o BNG e o PSOE non fagan ningunha normativa, tamén me preocupa; quer dicir que non están gobernando, que está esperando a ver que pasa, e non é así; esta é unha cousa moi seria, vamos a votar as enmendas que presenta de “voce” o BNG, pero, de verdade, si queremos facer cousas en conxunto, non teñamos mala fé; levemos a discusión a onde teñamos que levála, e despois poderemos discutir e poderemos aprobar cousas en conxunto, cousas que preocupan á xente; e Xose Enrique, creo que coñeces bastante Baiona e sabes que este é un problema real en Baiona, porque aquí hai pesca de baixura e de altura, estamos falando de que en dúas semanas Baiona foi noticia na prensa internacional por xente mariñeira de Baiona, que se deron conflitos de secuestro e de accidente laboral, curiosamente en 2 ou 3 semanas: Baiona, ¿porqué?, porque moita xente de Baiona vive do mar; e isto pode ser o fin do mar, é un tema importantísimo. E non estamos aquí para defender a ningún partido político, estamos para tratar de buscar solucións, nada máis que solucións.

Polo Sr.Alcalde se someten a votación as enmendas á Moción presentadas polo BNG, resultando: votos a favor, 2, BNG; votos en contra, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE).

O Sr.Alcalde somete a votación a Moción presentada polo equipo de goberno, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); votos en contra, 8 (6,PSOE, 2,BNG).



EXCMO. CONCELLO

DE

B A I O N A

(PONTEVEDRA)

Polo cal, o Pleno, por maioría, acorda APROBAR o seguinte:

PRIMEIRO.- Instar á Xunta de Galicia a que realice as xestións diante das administracións competentes co obxecto de promover as seguintes medidas:

- a) A habilitación dun mecanismo polo que se leven a cabo descontos directos aplicables ao prezo do gasóleo, co obxecto de compensar o espectacular incremento sufrido nos últimos anos que ameaza con facer non rendible a actividade pesqueira e marisqueira.
- b) Que que poña en marcha unha campaña de promoción dos produtos pesqueiros, destinada a fomentar a venda e consumo de peixe, co obxecto de que contribúa a frear a depreciación das especies comerciais de máis interese para Galicia.
- c) A posta en marcha dunha batería de medidas fiscais, que inclúan a exención do pago de coutas sociais durante seis meses e desgravacións no Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e no Imposto de Sociedades que está a ser soportado polos axentes do sector pesqueiro galego (mariñeiros, mariscadores, empresar do ámbito marítimo pesqueiro)
- d) A elaborar en compañía das distintas administracións implicadas, sindicatos e organizacións pesqueiras máis representativas, dun plan extratéxico da pesca para os próximos anos, que inclúa un instrumento de análise e observancia da evolución dos prezos do gasóleo, por si esta requirise da implementación de mecanismos compensatorios.
- e) A establecer un maior control das importacións de peixe foráneo, así como do etiquetado que, entre outras cuestións, identifica a procedencia das especies comerciais de venda no noso país.

SEGUNDO.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino e á Federación Galega de Confrarías de Pescadores.

7.-ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentan Rogos nin Preguntas.

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.